



CIBER  
SEGURIDADE  
GALICIA

# Observatorio de Ciberseguridade Industrial

Informe de oportunidades  
de cooperación e investimento

Febreiro 2026

**Edita:** Xunta de Galicia

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)**

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Ano:** 2026

Este documento distribúese baixo a **licenza Creative Commons Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)**.



Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es>

## Índice

<b>1</b>	<b>Introdución</b> .....	<b>6</b>
<b>2</b>	<b>Metodoloxía</b> .....	<b>9</b>
<b>3</b>	<b>Contexto e tendencias</b> .....	<b>11</b>
3.1	Tendencias nos programas de financiamento .....	12
3.2	Principais axentes promotores .....	12
3.3	Volume e oportunidade do financiamento.....	13
<b>4</b>	<b>Oportunidades rexionais (Galicia)</b> .....	<b>16</b>
<b>5</b>	<b>Oportunidades nacionais</b> .....	<b>20</b>
<b>6</b>	<b>Oportunidades europeas</b> .....	<b>24</b>
<b>7</b>	<b>Fichas de iniciativas</b> .....	<b>28</b>
7.1	Galicia.....	28
7.1.1	IGNICIA – Proba de Concepto (GAIN).....	29
7.1.2	Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía (GAIN) .....	31
7.1.3	Programa Oportunius (GAIN).....	33
7.1.4	Hubs de Innovación Dixital (GAIN) .....	35
7.1.5	Contratación Pública de Innovación (CPI) (GAIN).....	37
7.1.6	Axudas GAIN 2026 en materia de formación investigadora.....	38
7.1.7	Industria Innova (IGAPE) .....	41
7.1.8	Ticket Innova (IGAPE) .....	44
7.1.9	IA 360 (IGAPE).....	46
7.1.10	IGAPE Innova (IGAPE).....	48
7.2	España .....	50
7.2.1	Programa de Impulso da Cadea de Valor Industrial (CVI 2025).....	51
7.2.2	Proxectos de Colaboración Público-Privada - CPP (AEI) .....	53
7.2.3	Axudas para contratos Torres Quevedo - PTQ (AEI) .....	55
7.2.4	Proxectos de xeración de coñecemento (AEI) .....	56
7.2.5	Innterconecta STEP (CDTI) .....	58

7.2.6	NEOTEC (CDTI).....	60
7.2.7	Misións Ciencia e Innovación (CDTI).....	61
7.2.8	Axudas Cervera para centros tecnolóxicos (CDTI).....	63
7.2.9	Préstamos parcialmente reembolsables (CDTI).....	65
7.2.10	Proxectos de Investigación e Desenvolvemento (I+D) (CDTI) .....	66
7.2.11	Liña Directa de Innovación - LIC (CDTI) .....	68
7.2.12	ENISA Startups e PeMEs (ENISA) .....	69
7.2.13	Emprendedores (ENISA).....	71
7.2.14	Xoves emprendedores (ENISA) .....	73
7.2.15	Crecedemento (ENISA) .....	75
7.2.16	Kit espazo de datos (Red.es).....	77
7.2.17	Red IA (Red.es).....	79
7.2.18	Selo PEME innovadora (Ministerio Innovación, ICO).....	81
7.2.19	Certificación de startup (ENISA).....	83
7.2.20	Tax Equity aka Mecenado aka Tax Lease (Ministerio de Facenda) .....	85
7.2.21	Cheque ou deducións fiscais (Ministerio de Facenda).....	87
7.3	Europa .....	89
7.3.1	INTERREG España-Portugal (POCTEP, FEDER).....	89
7.3.2	Horizonte Europa (UE).....	91
7.3.3	Programa Europa Dixital (UE) .....	93
7.3.4	European Innovation Council (EIC) .....	95
7.3.5	Connecting Europe Facility (CEF).....	98
7.3.6	European Defence Fund (EDF) .....	100
7.3.7	EU Space Programme (EUSPA/Space).....	102
7.3.8	Instrumentos financeiros (EIB / InvestEU) .....	104
<b>8</b>	<b>Calendario 2026 .....</b>	<b>108</b>
<b>9</b>	<b>Catálogo de socios e ecosistema .....</b>	<b>110</b>
9.1.1	Finalidade e criterio.....	110
9.1.2	Tipoloxías de socios por rol.....	111

9.1.3	Selección de socios por oportunidade .....	121
9.1.4	Boas prácticas na construción de partenariados.....	122
9.1.5	Instrumento a seleccionar segundo a situación.....	123
<b>10</b>	<b>Conclusiones</b> .....	<b>125</b>
	<b>Bibliografía</b> .....	<b>127</b>

# 1 Introducción

---

Este informe forma parte do **Observatorio de Ciberseguridade Industrial**. Intégrase no marco do **Laboratorio e Centro Demostrador de Ciberseguridade en Produtos con Elementos Dixitais e Ciberseguridade Industrial**, pertencente á **Rede de Laboratorios e Centros Demostradores de Ciberseguridade da Xunta de Galicia**. A iniciativa forma parte do **Programa de Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica (RETECH)**, impulsado pola Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial.

O proxecto está financiado pola **Unión Europea a través de NextGenerationEU** no marco do **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)**, e desenvólvese conforme aos requisitos establecidos polo **Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE)**.

O Observatorio constitúe **un eixo estratéxico dentro desta estrutura transversal, orientado á análise de tendencias, ameazas e necesidades do ecosistema de ciberseguridade industrial galego**, así como á dinamización e fortalecemento do tecido empresarial e tecnolóxico da nosa terra.

--

O presente documento ten como finalidade **conectar o ecosistema galego con oportunidades relevantes de financiamento, cooperación ou investimento en I+D+i**, favorecendo a participación de **empresas, administracións públicas, centros tecnolóxicos, universidades e outros axentes** en iniciativas de ámbito **autonómico, estatal, e europeo**.

A elaboración deste informe responde á necesidade de **dispor dunha visión estruturada e accesible** dun panorama de axudas que, pola súa diversidade, complexidade administrativa e constante evolución, resulta difícil de seguir para moitas organizacións, especialmente **pemes e entidades con recursos limitados para a vixilancia continua de convocatorias**. O documento pretende, polo tanto, **facilitar a identificación, comprensión e priorización** das principais liñas de apoio dispoñibles ou previsibles (\*), contribuíndo a unha **mellor planificación estratéxica dos investimentos en innovación**.

O alcance do informe é deliberadamente **amplo e transversal**. A nivel xeográfico, inclúe oportunidades promovidas desde **Galicia, o conxunto do Estado español e a Unión**

**Europea.** A nivel temático, o foco sitúase (aínda que non únicamente) na **I+D+i en sentido amplo**, incorporando programas orientados á dixitalización, á innovación tecnolóxica, á cooperación público-privada, ao emprendemento e ao crecemento empresarial, **non limitándose exclusivamente ao ámbito da ciberseguridade**, aínda que este constitúa un eixo prioritario no marco xeral do Observatorio.

Este enfoque está aliñado coas principais estratexias e plans de referencia, entre eles a **Estratexia Galicia Dixital 2030** [1], a **Axenda de Competitividade Industria 4.0** [2], o **Observatorio Galicia 4.0** [3] da Xunta de Galicia e o **Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021–2027** [4], así como cos marcos europeos de financiamento e política industrial vixentes.

### **(\*) Aviso importante sobre o alcance e uso da información**

Este informe **non substitúe en ningún caso o asesoramento técnico, xurídico nin financeiro especializado**, nin tampouco a consulta directa das **bases reguladoras oficiais** publicadas polos distintos organismos convocantes. A información recollida debe entenderse como unha **ferramenta orientativa de apoio á reflexión estratéxica, á priorización de oportunidades e á planificación temperá**, e non como unha guía exhaustiva nin vinculante. Poder conter erros ou imprecisións.

Co obxectivo de **maximizar o seu valor práctico para o ecosistema galego**, o Observatorio opta conscientemente por **publicar este informe de maneira temperá**, incluso **antes da publicación formal dalgunhas convocatorias**, baseándose en:

- programas recorrentes xa consolidados,
- convocatorias de edicións anteriores,
- orientacións estratéxicas públicas das administracións competentes,
- e marcos de financiamento previsibles a curto e medio prazo.

Este enfoque anticipativo implica asumir que **algunhas das axudas aquí recollidas poden sufrir modificacións relevantes, ser descontinuada, fusionadas con outros instrumentos** ou presentar **cambios substanciais nas súas condicións, requisitos, contías ou prazos** respecto a edicións previas. Trátase dun risco consciente, asumido co convencemento de que **a preparación anticipada das organizacións —en termos de estratexia, identificación de socios, definición de ideas de proxecto e avaliación de capacidades internas— compensa amplamente esta incerteza.**

Por este motivo, **recoméndase de maneira expresa** que todas as entidades interesadas:

- **verifiquen sempre a información nas fontes oficiais** (DOG [\[5\]](#), BOE [\[6\]](#), DOUE [\[7\]](#), portais institucionais, Funding & Tenders [\[8\]](#), etc.),
- contrasten os detalles específicos de cada convocatoria unha vez publicada,
- e, cando resulte necesario, recorran a **oficinas de proxectos, puntos de contacto nacionais ou rexionais, clústeres sectoriais ou asesoramento especializado** antes de presentar unha solicitude.

O Observatorio de Ciberseguridade Industrial non asume responsabilidade polo uso final da información contida neste informe, que se fornece **con carácter informativo e estratéxico**, co propósito de **reforzar a capacidade de anticipación, planificación e toma de decisións do tecido innovador do sector industrial galego**.

## 2 Metodoloxía

---

A metodoloxía empregada na elaboración do presente **Informe de Oportunidades de Cooperación e Investimento** foi deseñada para garantir un equilibrio entre **rigor, utilidade práctica e capacidade anticipativa**, en coherencia co alcance e cos obxectivos definidos no epígrafe de Introducción.

O enfoque metodolóxico adopta unha **orientación eminentemente aplicada**, dirixida a facilitar a toma de decisións estratéxicas por parte das entidades do ecosistema industrial galego, asumindo ao mesmo tempo a natureza dinámica e cambiante dos programas de financiamento en I+D+i. Para iso, o informe baséase nun **proceso de investigación mixta**, que combina investigación propia, análise documental e contraste cualitativo con axentes especializados.

A identificación e análise das oportunidades de cooperación e investimento realizouse a partir das seguintes **fontes principais de información**:

- **Investigación propia e revisión sistemática de fontes institucionais**, incluíndo portais das administracións públicas autonómicas, estatais e europeas, así como organismos de referencia (como GAIN, CDTI, AEI, ENISA ou Red.es), a partir dos cales se analizaron programas recorrentes como NEOTEC, Misións, Proxectos de Xeración de Coñecemento, axudas Cervera ou instrumentos de ENISA.
- **Buscas en portais especializados e documentación pública sobre financiamento e innovación**. Esencialmente instrumentos previsibles e marcos de apoio consolidados en ámbitos como a cooperación público-privada, o emprendemento tecnolóxico e a innovación empresarial. Neste proceso incluíronse tanto **referencias rexionais**, a través das propostas e instrumentos promovidos por organismos galegos como IGAPE, así coma **referencias estatais e europeas**, analizando programas e iniciativas tales como Horizonte Europa, Europa Dixital, European Innovation Council (EIC), Connecting Europe Facility (CEF), entre outros.
- **Apoio cualitativo dun centro de I+D e dunha entidade privada especializada na xestión de axudas e subvencións**, que colaboraron de maneira desinteresada neste traballo. A súa experiencia práctica en convocatorias autonómicas, estatais ou europeas segundo o caso, así como o

coñecemento dos criterios de avaliación e dos ciclos reais de financiamento, achegan un **valor engadido incalculable** á interpretación e contextualización das oportunidades recollidas.

As axudas e instrumentos incluídos no informe foron seleccionados atendendo á súa **relevancia potencial para o tecido industrial galego**, á súa capacidade para financiar proxectos de I+D+i, innovación, dixitalización ou cooperación, á súa **recorrenza ou previsibilidade**, e ao seu **alineamento coas estratexias rexionais, estatais e europeos** vixentes. Este enfoque permite incorporar tanto convocatorias activas como instrumentos previsibles, co obxectivo de favorecer unha planificación temperá das iniciativas.

Co fin de facilitar a comprensión e comparabilidade das distintas oportunidades, a información recompilada estrutúrase mediante **fichas de similar estrutura para as diferentes convocatorias** das principais propostas, complementadas con elementos de contextualización, clasificación por ámbito xeográfico ou referencias directas ás fontes oficiais para a súa ampliación ou contraste.

A metodoloxía do informe incorpora unha **dimensión temporal orientativa**, mediante un calendario de convocatorias co obxectivo de apoiar a planificación estratéxica das entidades interesadas. Dado o carácter recorrente, pero non fixo, das convocatorias, a calendarización preséntase en termos de **ventás temporais aproximadas e probables**, baseadas na programación plurianual e na experiencia acumulada, e non como un calendario pechado. Este enfoque permite anticipar preparacións e identificar momentos clave, asumindo a necesidade de contraste posterior coas fontes oficiais.

Complementariamente, adóptase tamén unha **aproximación estratéxica e funcional**, orientada a **facilitar a selección de socios e instrumentos de cooperación e financiamento** segundo o perfil da entidade, o nivel de madurez das iniciativas e os obxectivos perseguidos. Esta sección non ten carácter inventarial, senón que ofrece criterios de orientación e pautas sinxelas e combina progresivamente instrumentos rexionais, estatais e europeos, co fin de apoiar a toma de decisións e maximizar o impacto das oportunidades identificadas ao longo do informe.

Finalmente, cómpre sinalar de novo que o carácter anticipativo deste informe implica determinadas **limitacións metodolóxicas**, derivadas da posible evolución das convocatorias e dos seus requisitos. Estas limitacións deben interpretarse á luz do **aviso sobre o alcance e uso da información recollido na Introducción** deste Informe.

### 3 Contexto e tendencias

---

O contexto actual no que se enmarca o presente **Informe de oportunidades de cooperación e investimento** vén marcado por unha combinación de factores estruturais e conxunturais que están a reforzar, de maneira sostida, o papel da **I+D+i, da cooperación e do investimento público-privado** como palanca clave para a competitividade do sector industrial.

Desde a perspectiva da **ciberseguridade industrial**, os últimos anos evidencian un **incremento sostido das ameazas, da superficie de ataque e do impacto potencial dos incidentes**, especialmente en contornos OT e en sectores estratéxicos. Esta realidade foi analizada en profundidade polos **Informes de ciberalertas** e mais o **Informe de intelixencia de ameazas** [9] elaborados no marco deste mesmo Observatorio, que poñen de manifesto a necesidade de **reforzar capacidades técnicas, organizativas e de coordinación** nas organizacións industriais. Neste contexto, os programas de financiamento e cooperación convértense nun **instrumento esencial para acelerar investimentos que, doutro xeito, resultarían difíciles de abordar de forma individual**.

Máis alá do ámbito estritamente da ciberseguridade, o panorama de axudas públicas a nivel rexional, estatal e europeo responde a unha **estratexia clara de transformación económica**, orientada a impulsar proxectos de alto valor engadido en ámbitos como:

- a dixitalización avanzada e a industria 4.0,
- a ciberseguridade e a resiliencia de infraestruturas críticas,
- a enerxía e a transición enerxética,
- a defensa e a seguridade,
- o espazo e as tecnoloxías asociadas,
- a intelixencia artificial, os datos e as tecnoloxías habilitadoras,
- así como a innovación empresarial, o emprendemento tecnolóxico e o crecemento de pemes.

Estes ámbitos concentran unha parte crecente dos recursos dispoñibles e presentan unha **clara converxencia cos perfís e capacidades do ecosistema industrial galego**,

tanto no ámbito empresarial como no dos centros tecnolóxicos, universidades e administracións públicas.

### 3.1 Tendencias nos programas de financiamento

A análise dos principais programas e instrumentos permite identificar varias **tendencias recorrentes**:

- **Fomento da cooperación:** un número crecente de axudas prioriza ou esixe proxectos colaborativos, promovendo consorcios que integran empresas, centros de coñecemento e administracións públicas, tanto a nivel rexional como nacional e europeo.
- **Orientación a impacto:** os programas evolucionan cara a modelos que valoran non só a excelencia técnica, senón tamén o impacto económico, industrial, social ou estratéxico dos proxectos.
- **Aliñación europea:** moitas das axudas autonómicas e estatais actúan como instrumentos complementarios ou de preparación para a participación en programas europeos, facilitando a escalada de proxectos desde o ámbito rexional cara a convocatorias como Horizonte Europa, Europa Dixital ou o EIC.
- **Diversificación de instrumentos financeiros:** xunto ás subvencións clásicas, gañan peso os préstamos parcialmente reembolsables, os instrumentos financeiros (EIB, InvestEU), os mecanismos de *tax equity*, o mecenado tecnolóxico ou os incentivos fiscais á I+D+i.

### 3.2 Principais axentes promotores

O ecosistema de financiamento estrutúrase arredor dun conxunto de **axentes promotores clave**, entre os que destacan:

- **A nivel rexional**, a Xunta de Galicia, a través de organismos como GAIN ou IGAPE, que articulan programas de apoio á I+D+i, á cooperación empresarial, á compra pública innovadora e ao emprendemento tecnolóxico, apoiándose en iniciativas como o mapa de axudas autonómico, programas de cooperación, instrumentos de proba de concepto (coma Ignicia), as iniciativas INNOVA, ou accións de dinamización e difusión específicas.
- **A nivel estatal**, organismos como o CDTI, a Axencia Estatal de Investigación (AEI), ENISA, Red.es ou o ICO, que promoven programas consolidados orientados á investigación, á innovación empresarial, ao crecemento de pemes


e startups, e á dixitalización avanzada, mediante instrumentos como NEOTEC, Misións, Cervera, CPP, Torres Quevedo, PID, préstamos parcialmente reembolsables ou liñas específicas para startups.

- **A nivel europeo e internacional**, a Comisión Europea e outras institucións comunitarias, a través de programas como Horizonte Europa, Europa Dixital, EIC, CEF, EDF, INTERREG ou os instrumentos financeiros asociados ao EIB e InvestEU, que concentran volumes de financiamento moi significativos e ofrecen oportunidades de cooperación internacional e posicionamento estratéxico.

### 3.3 Volume e oportunidade do financiamento

O volume de recursos mobilizado por estes programas é **moi relevante e sostido no tempo**, cunha clara orientación a proxectos tractores, escalables e con potencial de impacto estrutural. A modo orientativo, os instrumentos analizados no marco deste informe adoitan manexar **ordes de magnitude económicas moi significativas**, entre as que se poden destacar algúns exemplos representativos:

- **A nivel rexional**, as axudas promovidas pola Xunta de Galicia a través de GAIN ou IGAPE adoitan apoiar proxectos con **orzamentos que van desde varias decenas de miles de euros ata varios millóns de euros**, especialmente en iniciativas de cooperación, proba de concepto, dixitalización industrial ou innovación empresarial. Como se pode apreciar na seguinte figura, o nivel de compromiso da comunidade galega co investimento en I+D é digno de mención.



Evolución de gasto en I+D 2021-2023. Fonte: IGE, Explotación da estatística sobre actividades de I+D (n.d.)

É relevante destacar tamén que o **Plan Galego de Investigación e Innovación 2025–2027, dotado con máis de 1.300 millóns de euros destinados a diferentes áreas de actividade, constitúe o principal marco de planificación e investimento público en I+D+i en Galicia para o período**, establecendo as prioridades estratéxicas e os instrumentos de apoio que orientan a acción dos distintos organismos autonómicos.

De forma complementaria, a **Estratexia de Innovación Empresarial de Galicia configúrase como un marco integral impulsado pola Xunta de Galicia para reforzar a competitividade do tecido produtivo mediante o fomento sistemático da innovación nas empresas**, co obxectivo de acelerar a transformación do modelo produtivo galego a través da incorporación de coñecemento, tecnoloxía e innovación nos procesos empresariais, así como da mellora do crecemento, da produtividade e da proxección internacional das empresas.

Esta estratexia artéllase mediante un conxunto coordinado de instrumentos de apoio público, **coa previsión de mobilizar máis de 400 millóns de euros nun horizonte de tres anos**, combinando recursos autonómicos, estatais e europeos, e poñendo un énfase especial nas pemes, nos proxectos tractores e na colaboración entre empresas, centros de coñecemento e axentes do ecosistema galego de innovación.

**O volume de recursos mobilizado por estes programas é moi relevante e sostido no tempo, cunha clara orientación a proxectos tractores, escalables e con potencial de impacto estrutural.** Daranse referencias posteriormente no Informe.

- **A nivel estatal**, programas consolidados como NEOTEC, Misións, Cervera, CPP ou os préstamos parcialmente reembolsables do CDTI financian proxectos cunha amplitude que pode ir desde os **150.000–250.000 € en proxectos individuais de emprendemento**, ata **orzamentos plurianuais de varios millóns de euros** en proxectos colaborativos e tractores. No caso das axudas da AEI ou de ENISA, os importes adoitan adaptarse ao perfil do beneficiario e á madurez do proxecto, combinando subvención, préstamo e instrumentos híbridos.
- **A nivel europeo**, programas como Horizonte Europa, Europa Dixital, EIC, CEF ou EDF mobilizan **volumes de financiamento moi superiores**, con proxectos

que frecuentemente superan os **2-5 millóns de euros por consorcio**, podendo acadar cifras sensiblemente maiores en ámbitos como defensa, espazo, infraestruturas dixitais ou enerxía. Os instrumentos financeiros asociados ao EIB ou a InvestEU permiten, ademais, complementar estas axudas con financiamento adicional orientado á escalabilidade e ao despregamento industrial.

A combinación de fondos europeos, estatais e autonómicos xera así un **marco especialmente favorable** para que as organizacións do ecosistema industrial galego:

- diversifiquen fontes de financiamento,
- reduzan o risco asociado aos investimentos en innovación,
- melloren a súa posición competitiva,
- e se integren en cadeas de valor e consorcios de maior dimensión.

Neste escenario, **aproveitar de forma proactiva as oportunidades de cooperación e investimento** non debe entenderse unicamente como unha vía de captación de recursos económicos, senón como un **instrumento estratéxico de aprendizaxe, posicionamento e fortalecemento das capacidades internas**. Este informe pretende contribuír a ese obxectivo, ofrecendo un marco de contexto que axude ao lector a interpretar e valorar as oportunidades que se detallan nos capítulos seguintes desde a perspectiva específica do **ecosistema industrial galego**.

## 4 Oportunidades rexionais (Galicia)

---

A comunidade autónoma galega constitúe **a mais evidente oportunidade de acceso ao financiamento en I+D+i e outros ámbitos**, para o ecosistema industrial autóctono. As axudas promovidas desde Galicia desempeñan un papel clave tanto para **activar proxectos de innovación e cooperación** como para **preparar ás organizacións** para a súa posterior participación en programas estatais e europeos de maior complexidade e volume económico.

Neste contexto, a Xunta de Galicia, a través dos seus organismos especializados, articula un **conxunto amplo e diverso de instrumentos de apoio** que cobren distintas fases do ciclo da innovación: desde a xeración de ideas e a proba de concepto, ata a cooperación empresarial, a dixitalización industrial e o despregamento de proxectos tractores.

### **Axentes promotores e marco autonómico**

Un dos principais referentes en materia de apoio á I+D+i en Galicia é a **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, organismo dependente da Xunta de Galicia, responsable de coordinar e executar as políticas públicas de innovación. A través do seu portal institucional [\[10\]](#), GAIN pon á disposición das entidades galegas un **mapa integral de apoios á I+D+i**, que recolle de forma estruturada as distintas liñas de axuda, iniciativas e instrumentos dispoñibles a nivel autonómico. Como referencia práctica, pode ollarse e tomar como base a **versión 2025 do Mapa de Apoios á I+D+i**, actualizada a 15 de decembro de 2025 [\[11\]](#), que, malia non reflectir convocatorias posteriores, resulta válida como marco orientativo para a planificación estratéxica.

Este mapa complétase cun conxunto de páxinas e recursos específicos que permiten identificar, de maneira agregada, as **axudas activas, recorrentes ou previsibles**, así como **iniciativas de dinamización e cooperación mediante Contratación Pública de Innovación**, vinculadas ao sistema galego de innovación [\[12\]](#)[\[13\]](#)[\[14\]](#).

Xunto a GAIN, o **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)** [\[15\]](#) desempeña un papel extraordinario no apoio á competitividade empresarial, á industria e á transformación dixital, a través de instrumentos orientados ao investimento, á modernización produtiva e ao impulso da **Industria 4.0 en Galicia** [\[16\]](#), con iniciativas de dixitalización, internacionalización, ou fabricación intelixente. Especialmente

destacables son o paquete de axudas INNOVA recentemente lanzadas en xaneiro de este ano.

### Tipoloxías de oportunidades e instrumentos dispoñibles

Sen entrar aínda no detalle concreto de cada convocatoria —que se abordará no apartado específico de fichas—, a análise do marco autonómico permite identificar as seguintes **grandes categorías de oportunidades de cooperación e investimento en Galicia**:

- **Axudas autonómicas á I+D+i**, recollidas no catálogo xeral de GAIN ou IGAPE, que inclúen subvencións e instrumentos de apoio para proxectos de investigación, desenvolvemento experimental, innovación empresarial e transferencia de coñecemento [\[12\]](#).
- **Programas e iniciativas de cooperación e dinamización**, orientadas a fortalecer o ecosistema rexional de innovación, promover a colaboración entre pemes, centros tecnolóxicos e universidades, e facilitar a participación en proxectos colaborativos de maior alcance [\[13\]](#).
- **Contratación Pública Innovadora (CPI)**, como mecanismo para impulsar a innovación desde a demanda pública, favorecendo a colaboración entre administracións e empresas no desenvolvemento de solucións innovadoras a retos reais do sector público [\[14\]](#).
- **Instrumentos de apoio ao emprendemento tecnolóxico e á valorización de resultados de I+D**, entre os que destacan programas históricos como **Principia** (actualmente descontinuado, pero relevante como referencia de política pública) e **Ignicia**, orientado á **proba de concepto e á maduración de resultados de investigación** con potencial de mercado, mediante o desenvolvemento de aplicacións comerciais das investigacións xeradas nos centros de coñecemento galegos, a través da obtención de licenzas de comercialización ou da creación de *spin-offs* [\[15-b\]](#).
- **Accións de información, difusión e capacitación**, como xornadas e *infodays* sectoriais, entre eles eventos recentes centrados en convocatorias europeas e tecnoloxías industriais dixitais coma esta realizada conxuntamente en xaneiro de 2026 co CDTI (Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación, dependente del Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades), e que

contribúen a mellorar o coñecemento e a preparación das entidades galegas [\[18\]](#).

- **Instrumentos de apoio á industria e á transformación dixital**, promovidos polo IGAPE no marco da estratexia galega de **Industria 4.0**, orientados ao investimento produtivo, á modernización tecnolóxica e á mellora da competitividade industrial, anteriormente mencionados. Enténdese que algúns dos programas seguen activos, malia que os enlaces internos das diferentes iniciativas non estaban dispoñibles na data de elaboración deste Informe (finais de xaneiro de 2026). [\[16\]](#).

As oportunidades de cooperación e investimento a nivel rexional non deben entenderse unicamente como fontes de financiamento illadas, senón como **pezas clave dunha estratexia progresiva de innovación**. A súa correcta utilización permite ás organizacións galegas:

- reducir o risco inicial dos proxectos de I+D+i,
- adquirir experiencia en xestión e xustificación de axudas públicas,
- establecer relacións de cooperación estables con outros axentes do ecosistema,
- e **prepararse para acceder con maiores garantías** a programas estatais e europeos de maior dimensión.

É relevante destacar tamén, que o **Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027**, dotado con máis de 1.300 millóns de euros en diferentes áreas de actividade [\[19\]](#):



*Liñas de actuación do Plan Galego de I+I 2025-2027. Fonte: GAIN (2025)*

Para finalizar, cabe tamén indicar que **as axudas xa confirmadas de GAIN para 2026, pódense consultar** na referencia específica da anualidade [\[20\]](#).

Este bloque autonómico constitúe, así, un **primeiro nivel de oportunidade especialmente relevante** para o tecido industrial galego, sobre o que se constrúen os seguintes niveis de financiamento e cooperación analizados nos capítulos posteriores do informe.

## 5 Oportunidades nacionais

---

O ámbito estatal constitúe un **segundo punto de apoio estratéxico no acceso ao financiamento en I+D+i** para o ecosistema industrial galego, tanto polo **volumen de recursos mobilizados** como pola **diversidade de instrumentos dispoñibles**, que cobren desde a investigación básica ata a innovación empresarial, o emprendemento tecnolóxico e o crecemento de empresas.

As axudas nacionais adoitan presentar un **maior grao de esixencia técnica e administrativa** ca as autonómicas, pero tamén permiten **escalar proxectos**, consolidar capacidades internas e **preparar a participación en programas europeos**, actuando como ponte natural cara a estes.

Como punto de partida común para a identificación de subvencións a nivel estatal, destaca a **Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)**, que actúa como repositorio oficial e centralizado de todas as axudas e subvencións públicas en España, permitindo a súa consulta por organismo ou tipoloxía [\[21\]](#).

### Principais axentes promotores a nivel estatal

O ecosistema estatal de financiamento estrutúrase arredor dun conxunto de **organismos públicos especializados**, entre os que destacan:

- A **Axencia Estatal de Investigación (AEI)**, organismo adscrito ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, responsable de financiar actividades de investigación científica e técnica, así como de impulsar a colaboración entre o sistema científico e o tecido produtivo [\[22\]](#).
- O **Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI)**, entidade pública empresarial encargada de apoiar a I+D+i empresarial mediante subvencións, préstamos parcialmente reembolsables e instrumentos híbridos, cun foco claro na innovación tecnolóxica e na competitividade industrial [\[23\]](#).
- A **Empresa Nacional de Innovación (ENISA)**, orientada ao apoio financeiro a startups e pemes innovadoras mediante préstamos participativos, así como á certificación de empresas emerxentes no marco da Lei de Startups [\[24\]](#)[\[25\]](#).
- **Red.es**, entidade pública adscrita ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, que promove programas de dixitalización avanzada, datos,

intelixencia artificial e tecnoloxías emerxentes no ámbito empresarial e institucional [\[26\]](#).

- O **Instituto de Crédito Oficial (ICO)**, que, ademais do seu papel como instrumento financeiro, impulsa mecanismos de recoñecemento e apoio á innovación empresarial, como o Selo PyME Innovadora [\[27\]](#).

### Principais programas e liñas de axuda nacionais

Sen entrar aínda no detalle operativo de cada convocatoria —que se desenvolverá no apartado específico de fichas—, no ámbito estatal identifícanse as seguintes **liñas e instrumentos de especial relevancia**:

- **Proxectos de colaboración público-privada (CPP)**, promovidos pola AEI, orientados a proxectos de desenvolvemento experimental en cooperación entre empresas e organismos de investigación.
- **Programa Torres Quevedo (AEI)**, centrado na contratación de persoal investigador doutor por parte das empresas.
- **Proxectos de xeración de coñecemento (AEI)**, dirixidos ao financiamento da investigación científica e técnica de excelencia.
- **Programas do CDTI**, que inclúen instrumentos amplamente consolidados como **Innterconecta STEP, NEOTEC, Misións, Axudas Cervera, PID, LIC-Innovación** e os **préstamos parcialmente reembolsables**, orientados tanto a proxectos individuais como colaborativos, en múltiples ámbitos tecnolóxicos e industriais.
- **Liñas de apoio de ENISA**, que abranguen os programas de **Startups e Pemes**, así como as liñas específicas de **Emprendedores, Mozos emprendedores e Crecemento**, ademais da **certificación de startups** no marco normativo estatal. Recórdanse a continuación as condicións da Ley [\[25\]](#).

Proxecto de emprendemento innovador e escalable.

Non superar os 5 anos de antigüidade.

Non proceder dunha operación de fusión, escisión ou transformación.

Non distribuír dividendos.

Non cotizar en bolsa.

Ter a sede social ou establecemento permanente en España.

Contar con, polo menos, o 60 % do persoal cun contrato laboral en España.

Non superar un volume de negocio anual de 10 millóns de euros.

*Requisitos dunha startup (Lei 28/2022). Fonte: elaboración propia (2026)*

- **Programas de Red.es**, entre os que destacan o **Kit Espazos de Datos** e a iniciativa **Red IA**, orientadas ao despregamento de tecnoloxías dixitais avanzadas, datos e intelixencia artificial no tecido empresarial.
- **Recoñecementos e instrumentos financeiros complementarios**, como o **Selo PyME Innovadora (ICO)**, os mecanismos de **Tax Equity / Mecenado tecnolóxico / Tax Lease**, e os **incentivos fiscais á I+D+i**, incluíndo o cheque fiscal e as deducións no Imposto sobre Sociedades.

### **Papel das axudas nacionais na estratexia de investimento**

As oportunidades de cooperación e investimento a nivel nacional permiten ás organizacións galegas **dar un salto cualitativo** na súa estratexia de innovación, tanto polo acceso a maiores volumes de financiamento como pola exposición a **marcos de avaliación máis competitivos e esixentes**.

A súa correcta utilización facilita:

- a consolidación de capacidades técnicas e organizativas,
- a participación en proxectos tractores de alcance estatal,
- a combinación de instrumentos financeiros e fiscais,
- e unha **mellor preparación para a concorrncia en programas europeos**.

Este bloque estatal constitúe, así, un **nivel intermedio clave** dentro do itinerario de acceso ao financiamento en I+D+i, complementando as axudas autonómicas e anticipando a participación en convocatorias europeas.

## 6 Oportunidades europeas

---

O nivel europeo constitúe o **principal marco de financiamento estratéxico en I+D+i** para proxectos colaborativos e iniciativas de grande escala, tanto en investigación como en despregue e infraestruturas. Para o ecosistema industrial galego, estes programas representan unha oportunidade de:

- acceder a **orzamentos significativamente superiores** aos dispoñibles no ámbito autonómico ou estatal,
- participar en **consorcios internacionais** con socios tecnolóxicos e industriais de primeiro nivel,
- e posicionarse en cadeas de valor estratéxicas (dixitalización, ciberseguridade, enerxía, defensa, espazo, mobilidade, etc.).

Como se anticipou no alcance do informe e no disclaimer da introdución, este bloque preséntase cun enfoque **orientativo e de priorización**, listando os principais instrumentos e fontes oficiais nas que localizar as convocatorias e a documentación asociada.

### **Axentes promotores e gobernanza do financiamento europeo**

As oportunidades de financiamento europeo analizadas neste informe estrutúranse arredor dun conxunto de **institucións da Unión Europea e axencias executivas especializadas**, que actúan como organismos convocantes, xestores ou financiadores dos distintos programas:

- A **Comisión Europea**, como autoridade política e orzamentaria principal, responsable da definición dos programas, da publicación das convocatorias e da xestión centralizada a través do Funding & Tenders Portal [\[28\]](#).
- As **Axencias Executivas da Comisión Europea**, que xestionan a execución operativa de múltiples programas, entre elas:
  - **HaDEA** (European Health and Digital Executive Agency), con competencias relevantes en **Programa Europa Dixital e Connecting Europe Facility (CEF Dixital)** [\[29\]](#).
  - **REA** (Research Executive Agency) [\[30\]](#) e **CINEA** (European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency) [\[31\]](#), con

participación na execución de distintas partes de **Horizonte Europa**, e tamén **CEF** e programas asociados.

- As **Autoridades de Xestión dos programas INTERREG**, no caso da cooperación territorial europea. Para o programa **INTERREG España-Portugal (POCTEP)**, a xestión recae nunha autoridade de xestión designada polos Estados participantes, responsable da publicación das convocatorias, da avaliación e do seguimento dos proxectos, en coordinación coa Comisión Europea e co financiamento do **FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional)** [32].
- O **European Innovation Council (EIC)**, como instrumento específico da Comisión Europea orientado á innovación disruptiva e ao deep tech, con mecanismos propios de financiamento e avaliación [33].
- A **European Union Agency for the Space Programme (EUSPA)**, responsable da xestión e explotación do **Programa Espacial da Unión Europea**, incluíndo oportunidades asociadas a Galileo, Copernicus e servizos derivados [34].
- O **European Defence Fund (EDF)**, xestionado pola Comisión Europea no ámbito da industria de defensa, con procedementos e requisitos específicos para proxectos de I+D en seguridade e defensa [35].
- O **European Investment Bank (EIB)** e o programa **InvestEU**, que complementan os programas de subvencións mediante instrumentos financeiros (préstamos, garantías e financiamento combinado) orientados ao escalado e ao investimento produtivo [36][37].

### Principais programas e liñas de oportunidade

A continuación preséntanse os programas e instrumentos europeos considerados neste informe, cunha descrición sintética do seu foco e do tipo de proxectos que adoitan encaixar. O detalle operativo (requisitos, prazos, intensidade de axuda, etc.) incorporárase posteriormente nas fichas.

- **INTERREG - POCTEP (España-Portugal)**. Programa de cooperación transfronteiriza orientado a proxectos colaborativos entre entidades españolas e portuguesas, con financiamento FEDER e enfoque territorial. Constitúe unha canle de oportunidade especialmente relevante para Galicia polo seu encaixe natural na cooperación hispano-lusa. As convocatorias e bases publícanse no portal oficial do programa [38].

- **Horizonte Europa (Horizon Europe, HE).** Programa marco da UE para investigación e innovación, orientado a consorcios internacionais en múltiples clústeres. No ámbito tecnolóxico, adoita apoiar proxectos de investigación aplicada, desenvolvemento experimental, pilotos e demostradores (con especial interese para sectores como industria, enerxía, seguridade/ciberseguridade, mobilidade e espazo). A consulta de convocatorias realízase a través do portal oficial e das páxinas dos programas de traballo [\[39\]](#).
- **Programa Europa Dixital (Digital Europe Programme, DEP/DIGITAL).** Programa centrado no **despregue e escalado de capacidades dixitais estratéxicas** en Europa (IA, datos e cloud, HPC, cuántica, ciberseguridade, capacidades dixitais avanzadas e formación) [\[40\]](#).
- **European Innovation Council (EIC).** Instrumento orientado á innovación disruptiva e deep tech, con rutas desde investigación ata mercado, a través de modalidades como **Pathfinder, Transition e Accelerator**. É particularmente relevante para startups e pemes tecnolóxicas con ambición de escalado internacional [\[33\]](#).
- **Connecting Europe Facility (CEF).** Programa orientado a infraestruturas europeas (dixital, enerxía e transporte). No compoñente **CEF Dixital**, adoitan financiarse despregues a gran escala, conectividade e capacidades habilitadoras paneuropeas, con participación relevante de administracións e/ou operadores [\[41\]](#).
- **European Defence Fund (EDF).** Programa de investigación e desenvolvemento de capacidades de defensa, que pode incorporar tecnoloxías de carácter dual (dual-use) baixo condicións e requisitos específicos. É de interese para proxectos en comunicacións seguras, sensores, electrónica, sistemas autónomos, software crítico e ciberdefensa [\[35\]](#).
- **EU Space Programme (EUSPA / Space).** Marco europeo para oportunidades vinculadas ao espazo (incluíndo explotación de servizos e capacidades baseadas en Galileo, Copernicus e outras infraestruturas do programa). Pode ser relevante para sectores industriais vinculados a navegación, observación da Terra, telecomunicacións e cadeas de valor de aplicacións baseadas en datos espaciais [\[42\]](#).
- **Instrumentos financeiros (EIB / InvestEU).** Complementan os programas de subvencións mediante préstamos, garantías e mecanismos de financiamento

combinado, orientados ao escalado de proxectos, ao investimento en infraestruturas e á mobilización de capital privado. Resultan especialmente útiles para iniciativas con forte compoñente de investimento produtivo e despregue industrial [\[37\]](#).

## 7 Fichas de iniciativas

---

### 7.1 Galicia

**Este apartado recolle fichas normalizadas dalgunhas iniciativas identificadas para o ámbito autonómico**, en coherencia co criterio metodolóxico do informe: **non se infire nin se estima información non publicada**. Cando un campo non está dispoñible nas fontes oficiais revisadas, indícase expresamente como **Non dispoñible**.

As iniciativas de referencia para 2026 inclúense no compendio oficial de GAIN sobre “Axudas 2026” recollidas durante a elaboración do informe [20], e complétanse, cando procede, co detalle dispoñible en páxinas específicas de programa e/ou na Sede electrónica da Xunta de Galicia. O mesmo con respecto ás do IGAPE, coa súa respectiva orixe neste organismo [15].

Por outra banda, haberá que estar atentos á **Estratexia de Innovación Empresarial de Galicia recién anunciada para o período 2026-28**. Constitúe un marco integral impulsado pola Xunta de Galicia para reforzar a competitividade do tecido produtivo mediante o fomento sistemático da innovación nas empresas. Esta iniciativa recentemente anunciada [56], persegue acelerar a transformación do modelo produtivo galego, promovendo a incorporación de coñecemento, tecnoloxía e innovación nos procesos empresariais, así como a mellora do crecemento, da produtividade e da proxección internacional das empresas.

Articúlase a través dun conxunto coordinado de instrumentos de apoio público, coa previsión de **mobilizar máis de 400 millóns de euros**, combinando recursos autonómicos, estatais e europeos, e pon un énfase especial nas pemes, nos proxectos tractores e na colaboración entre empresas, centros de coñecemento e axentes do ecosistema galego de innovación.

**AVISO IMPORTANTE.** *A primeiros de ano, defínense moitas novas iniciativas de cooperación e investimento por parte de entidades como IGAPE ou GAIN. Había que atopar un compromiso que equilibre publicar o informe con prontitude e recoller a maioría de opcións dispoñibles. En caso contrario, os lectores atoparíanse con moitas convocatorias xa cerradas.*

*Por este motivo, aconséllase revisar sempre os sitios oficiais de axudas das entidades mencionadas anteriormente ou o DOGA no seu caso, para poder considerar o universo íntegro de opcións dispoñibles en cada momento.*

### 7.1.1 IGNICIA – Proba de Concepto (GAIN)

Achéganse os datos correspondentes á convocatoria de 2025.

- **Tipo de ficha:** Axuda individual / instrumento de apoio a proxectos.
- **Título da convocatoria:** IGNICIA – Proba de Concepto (procedemento IN855A) [\[17\]](#).
- **Organismo convocante:** Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) [\[10\]](#).
- **Ámbito xeográfico:** Galicia. As entidades beneficiarias deben contar con centro de traballo na Comunidade.
- **Obxecto da axuda:** Poñer en valor e apoiar o desenvolvemento de aplicacións comerciais da investigación xerada polos organismos de investigación e difusión de Galicia, favorecendo a transferencia ao mercado (licenzas de comercialización e/ou creación de *spin-offs*) [\[43\]](#).
- **Tipo de axuda:** Apoio económico destinado á valorización comercial dos resultados da investigación a través dunha achega patrimonial onerosa. Con posibilidade de retorno en función dos resultados económicos derivados da explotación comercial dos resultados apoiados.
- **Intensidade e contía:** A normativa non establece unha porcentaxe fixa nin contías máximas por proxecto, senón que a achega se determina en función da avaliación das propostas e da dispoñibilidade orzamentaria. Mínimo: 100.000€.
- **Beneficiarios:** Organismos de investigación e difusión sen ánimo de lucro con centro de traballo en Galicia, incluíndo universidades do Sistema Universitario de Galicia, centros tecnolóxicos, centros do CSIC radicados en Galicia, fundacións de investigación sanitaria e outros organismos de investigación cuxa actividade principal sexa a I+D.
- **Requisitos específicos:**

Os proxectos presentados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a. Abordar probas ou actuacións posteriores á obtención do resultado de investigación que se pretende explotar.
- b. Estar situados nun TRL4 (Technology Readiness Level) [\[44\]](#) ou superior, de conformidade coas definicións do anexo V.

c. Ter a capacidade de xerar resultados con aplicación na sociedade; estes resultados deberán ter potencial comercial e xerar retornos suficientes de acordo coas bases desta convocatoria, independentemente do prazo en que estes se produzan.

d. A duración estimada do proxecto será entre 9 e 24 meses. Durante a fase de maduración, poderá ser proposta unha duración diferente á solicitada inicialmente se o resultado do plan de desenvolvemento e comercialización así o aconsella.

e. O orzamento mínimo do proxecto será de 100.000,00 €. Durante a fase de maduración, poderá ser proposto un orzamento diferente ao solicitado polo proxecto, se o resultado do plan de desenvolvemento e comercialización así o aconsella.

f. O obxectivo do proxecto de transferencia debe enmarcarse nalgún dos ámbitos de prioridade da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 recollidos no anexo VI desta convocatoria.

- **Actuacións / gastos subvencionables:** Actividades orientadas á validación técnica e comercial dos resultados de investigación, incluíndo estudos de mercado, análise regulatoria, validación tecnolóxica, análise de modelos de negocio e actuacións necesarias para achegar a tecnoloxía ao mercado. O detalle concreto de gastos subvencionables indícase na normativa.
- **Duración da axuda / proxecto:** Non dispoñible. A normativa establece a duración en función do plan de traballo aprobado, sen concretar un rango estándar no texto da resolución.
- **Criterios de valoración:** Avaliación baseada en criterios técnicos e de mercado, incluíndo a calidade e madurez do resultado de investigación, o potencial de explotación comercial, a viabilidade da proposta e a capacidade da entidade solicitante.
- **Prazo de solicitude:** En 2025, tratouse de un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia (DOG do 28 de abril de 2025).
- **Obrigas do beneficiario:** Execución das actuacións aprobadas, xustificación técnica e económica da axuda, cumprimento das obrigas de publicidade do


financiamento recibido e, no seu caso, retorno da achega patrimonial segundo o establecido na normativa.

- **Compatibilidade con outras axudas:** Non dispoñible. Debe consultarse o réxime de compatibilidades establecido nas bases reguladoras, ou consultar.
- **Enlace e referencia oficial:** (da última convocatoria, como referencia) Resolución do 9 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o programa IGNICIA – Proba de Concepto. Diario Oficial de Galicia, 28/04/2025 [\[45\]](#).
- **Contacto / soporte:** Axencia Galega de Innovación (GAIN). Información e consultas a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento IN855A, no caso de 2025).

### 7.1.2 Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía (GAIN)

Esta estratexia ten un marco precedente na ventá temporal 2016-20. A que se presenta a continuación é a 2021-2025, polo que se considera probable que poida dársele continuidade no futuro próximo.

- **Tipo de ficha:** Iniciativa estratéxica / instrumento de apoio sectorial.
- **Título da iniciativa:** Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía de Galicia 2021-2025 [\[46\]](#).
- **Organismo convocante:** Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) [\[10\]](#).
- **Ámbito xeográfico:** Galicia
- **Obxecto:** Impulsar a consolidación e o crecemento do sector biotecnolóxico galego mediante unha estratexia integral orientada ao reforzo da transferencia de coñecemento, á valorización de resultados de I+D, á atracción e retención de talento, ao acceso a financiamento e ao posicionamento competitivo da biorrexión galega a nivel estatal e internacional [\[46\]](#).



*Objetivos estratégicos do Programa de Consolidación da Biotech. Fonte: GAIN (2025)*

- **Tipo de axuda:** Trátase dunha estratexia marco, articulada a través de múltiples instrumentos, programas e actuacións específicas, e non dunha convocatoria única de subvención.
- **Beneficiarios:** Empresas biotecnolóxicas, *startups* e *spin-offs*, organismos de investigación, universidades, centros tecnolóxicos, entidades sanitarias, investidores e demais axentes do ecosistema biotecnolóxico galego, segundo a natureza das actuacións específicas.
- **Requisitos específicos:** Non dispoñible. Os requisitos concretos dependen das actuacións e instrumentos que se implementen no marco da estratexia.
- **Actuacións / gastos subvencionables:** A estratexia contempla actuacións en ámbitos como:
  - valorización e transferencia de coñecemento,
  - apoio ao emprendemento biotecnolóxico,
  - acceso a financiamento público e privado,
  - atracción de talento,
  - internacionalización e posicionamento da biorrexión,

pero o detalle de gastos subvencionables establécese nas convocatorias e programas específicos que a desenvolven.

- **Duración:** A última estratexia tiña un horizonte temporal 2021–2025, pero as actuacións concretas podían ter duracións variables.
- **Criterios de valoración:** Os criterios de avaliación aplícanse nas convocatorias e instrumentos específicos derivados da estratexia.
- **Prazo de solicitude:** Ao non ser unha convocatoria única, os prazos dependen de cada liña de actuación ou programa asociado.
- **Obrigas do beneficiario:** Determínanse nas bases reguladoras das actuacións concretas que se desenvolvan no marco da estratexia.
- **Compatibilidade con outras axudas:** A compatibilidade depende dos instrumentos específicos e do réxime de axudas de Estado aplicable en cada caso.
- **Enlace e referencia oficial:** Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) [\[47\]](#).
- **Contacto / soporte:** Axencia Galega de Innovación (GAIN). Información a través do portal institucional e dos instrumentos específicos asociados á estratexia.

### 7.1.3 Programa Oportunus (GAIN)

- **Tipo de ficha:** Programa de apoio / atracción e retención de talento, aplicable tamén a contornos industriais.
- **Título da iniciativa:** Programa Oportunus [\[48\]](#).
- **Organismo convocante:** Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN).
- **Ámbito xeográfico:** Galicia, con orientación a convocatorias altamente competitivas de ámbito europeo.
- **Obxecto da axuda:** Incrementar a competitividade do persoal investigador galego excelente mediante un programa de acompañamento e apoio especializado, orientado a mellorar as posibilidades de éxito na captación de financiamento altamente competitivo, en particular nas convocatorias do **European Research Council (ERC)**. Trátase este dun organismo da Unión Europea destinado a financiar investigación de excelencia liderada por investigadores e investigadoras de primeiro nivel, a través de convocatorias

altamente competitivas (Starting, Consolidator, Advanced e Synergy Grants) [49].

## Galicia en ERC



*Galicia en ERC (European Research Council). Datos a setembro de 2025. Fonte: GAIN (2025)*

- **Tipo de axuda:** Programa de apoio e acompañamento especializado. Non se configura como subvención directa nin como axuda económica a fondo perdido.
- **Intensidade e contía:** Non dispoñible. O programa non establece contías económicas directas asociadas aos beneficiarios, senón servizos de apoio personalizados.
- **Beneficiarios:** Persoal investigador excelente vinculado a entidades do Sistema Galego de I+D+i, con traxectoria científica destacada e potencial para concorrer con éxito a convocatorias altamente competitivas, especialmente do ERC.
- **Requisitos específicos:** Cumprir cos criterios de excelencia científica establecidos polo programa e demostrar capacidade e potencial para presentar propostas competitivas en convocatorias internacionais de alto nivel. Os requisitos concretos detállanse nos procesos de selección internos do programa.
- **Actuacións / gastos subvencionables:** Non dispoñible. O programa ofrece actuacións de apoio non económico, que inclúen, entre outras:
  - asesoramento estratéxico personalizado,
  - acompañamento na preparación de propostas,
  - apoio na definición da carreira investigadora,

- revisión e mellora de candidaturas a convocatorias ERC.
- **Duración da axuda / proxecto:** Non dispoñible. A duración do acompañamento depende do itinerario definido para cada persoa investigadora no marco do programa.
- **Criterios de valoración:** Excelencia científica, traxectoria investigadora, liderado, potencial de impacto e adecuación ao perfil e esixencias das convocatorias ERC.
- **Prazo de solicitude:** Non dispoñible. Os procesos de incorporación ao programa están vinculados ás dinámicas internas e ás convocatorias asociadas ao ERC.
- **Obrigas do beneficiario:** Participar activamente nas accións de acompañamento e apoio previstas polo programa e manter a vinculación cunha entidade do Sistema Galego de I+D+i durante o período de participación.
- **Compatibilidade con outras axudas:** Compatible con outras axudas e programas de financiamento, ao non implicar financiamento directo nin imputación de custos subvencionables.
- **Enlace e referencia oficial:** Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN). Programa Oportunus [\[48\]](#).
- **Contacto / soporte:** Axencia Galega de Innovación (GAIN). Información e contacto a través do portal institucional e das canles habilitadas para o programa Oportunus ([oportunus.gain@xunta.gal](mailto:oportunus.gain@xunta.gal)).

#### 7.1.4 Hubs de Innovación Dixital (GAIN)

O que se describe a continuación non é unha iniciativa “clásica” de axuda directamente solicitable polas empresas industriais. Con todo, **é plenamente aproveitable polo tecido industrial galego de forma indirecta**, xa que funcionan como **porta de entrada a servizos de innovación dixital**, permiten acceso a tecnoloxías, pilotos, probas de concepto e asesoramento avanzado, e actúan como **intermediarios clave** entre entidades e programas.

Os **Hubs de Innovación Dixital (Digital Innovation Hubs, DIH)** constitúen infraestruturas clave de apoio á transformación dixital e á innovación do tecido produtivo, actuando como **puntos de encontro entre empresas, centros tecnolóxicos, universidades e administracións públicas**. A súa finalidade principal

non é a concesión directa de axudas económicas ás empresas, senón a provisión de **servizos avanzados de apoio á innovación**, acceso a coñecemento especializado, infraestruturas tecnolóxicas e capacidades de experimentación (test before invest).

No contexto galego, os DIH resultan especialmente relevantes para as organizacións industriais porque:

- facilitan o **acceso práctico a tecnoloxías emerxentes** sen necesidade de investimentos iniciais elevados,
- permiten **reducir riscos** asociados á adopción de novas solucións dixitais mediante pilotos e demostradores,
- actúan como **canle de conexión** con programas de financiamento autonómicos, estatais e europeos,
- e contribúen á **maduración de proxectos** que posteriormente poden escalarse mediante axudas competitivas ou investimento privado.

Desde a perspectiva deste informe, os Hubs de Innovación Dixital deben entenderse como **instrumentos habilitadores** que complementan as subvencións e os instrumentos financeiros, reforzando a capacidade das empresas galegas para formular, executar e escalar proxectos de innovación e cooperación. En Galicia, existen dous moi importantes desde o punto de vista estratéxico que se verán a continuación.

#### 7.1.4.1 DIHGIGAL – Digital Innovation Hub Galicia

O **DIHGIGAL** é o hub de innovación dixital de referencia en Galicia **especializado na industria manufacturera e na modernización dos procesos produtivos** [50]. O seu foco principal sitúase na incorporación de tecnoloxías dixitais avanzadas para mellorar a competitividade, eficiencia e sustentabilidade das empresas industriais.

As súas áreas de especialización inclúen, entre outras:

- industria 4.0 e dixitalización de procesos produtivos,
- automatización, robótica e sistemas ciberfísicos,
- mantemento predictivo e monitorización industrial,
- integración de datos e sistemas industriais,
- apoio á adopción de tecnoloxías dixitais en pemes industriais.

DIHGIGAL actúa como plataforma de colaboración entre empresas industriais, centros tecnolóxicos e axentes do sistema galego de innovación, facilitando o acceso a servizos de experimentación, asesoramento técnico e preparación de proxectos de innovación.

#### 7.1.4.2 DataLife – Hub de Innovación Dixital en Biotecnoloxía e Ciencias da Vida

**DataLife** é o hub de innovación dixital galego **centrado na biotecnoloxía, nas ciencias da vida e no sector bio**, con especial énfase na explotación de datos, na dixitalización da investigación e na transferencia de coñecemento cara ao mercado [\[51\]](#).

O seu ámbito de actuación abrangue:

- biotecnoloxía e bioeconomía,
- saúde, tecnoloxías médicas e ciencias da vida,
- xestión, integración e análise avanzada de datos (data-driven innovation),
- apoio á investigación aplicada e á transferencia tecnolóxica,
- conexión entre investigación, empresas e administracións públicas.

DataLife desempeña un papel estratéxico na consolidación do ecosistema bio galego, facilitando a colaboración multidisciplinar e o acceso a infraestruturas e capacidades dixitais avanzadas para proxectos de innovación en ámbitos de alto valor engadido.

En [\[52\]](#), pódese encontrar a información inicial asociada ás iniciativas dos DIH. En calquera caso, anímase ao lector en caso de atoparse nun sector cuberto por un hub dixital, a contactar con eles para establecer relacións e buscar sinerxias en canto a innovación e desenvolvemento de iniciativas.

#### 7.1.5 Contratación Pública de Innovación (CPI) (GAIN)

A **Contratación Pública de Innovación (CPI)** constitúe un instrumento estratéxico de política pública orientado a **estimular a innovación desde o lado da demanda**, empregando o poder de compra das administracións públicas para promover o desenvolvemento e a adopción de solucións innovadoras que aínda non existen no mercado ou que precisan ser adaptadas a necesidades específicas do sector público.

No ámbito galego, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), desenvolveu distintas actuacións e convocatorias de CPI nos últimos anos, como a segunda convocatoria de Compra Pública de Innovación publicada no seu momento e recollida na documentación institucional disponible [\[53\]](#).

Estas iniciativas permitiron sentar as bases metodolóxicas, xurídicas e operativas para a utilización da CPI como instrumento de modernización dos servizos públicos e de dinamización do ecosistema innovador. Non obstante, cómpre ter en conta que a información dispoñible nos portais autonómicos fai referencia maioritariamente a **convocatorias e experiencias pasadas**.

Na situación actual, a **principal canle estruturada e recorrente de financiamento da CPI** para organizacións industriais, tecnolóxicas e de I+D+i artículase fundamentalmente a través do **ámbito estatal**, en particular mediante os instrumentos promovidos polo **Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI)**, que conta cunha liña específica de apoio á CPI cun **calendario definido ata 2025**, aínda que cun horizonte de execución máis amplo para os proxectos seleccionados e en curso.

Desde a perspectiva deste informe, a CPI debe entenderse como:

- unha **oportunidade de cooperación público-privada** de alto valor engadido,
- un mecanismo que permite ás empresas **co-desenvolver solucións innovadoras con clientes públicos de referencia**,
- e unha vía de acceso indirecto a financiamento, visibilidade e validación de mercado, especialmente relevante para sectores como a industria, a enerxía, a mobilidade, a saúde, a seguridade ou a dixitalización de servizos públicos.

Por este motivo, a CPI **non se desenvolve aquí mediante unha ficha detallada**, senón que se incorpora como **instrumento transversal que podería reabrirse**, recomendando ás entidades interesadas que:

- revisen especificamente as **liñas de CPI no ámbito estatal**,
- analicen os calendarios e convocatorias activas ou previstas a través dos correspondentes mecanismos autonómicos e nacionais (GAIN, CDTI, INCIBE...),
- e consideren a CPI como unha eventual peza complementaria ás subvencións clásicas de I+D+i, especialmente cando exista un **potencial cliente público claramente identificado**.

#### 7.1.6 Axudas GAIN 2026 en materia de formación investigadora

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) publicou xa para o exercicio 2026 unha relación de **axudas orientadas fundamentalmente ao reforzo do talento investigador**, á

formación avanzada e á conexión entre o sistema científico e o tecido produtivo galego. Estas liñas constitúen un bloque coherente de instrumentos centrados nas distintas etapas da carreira investigadora e na transferencia de coñecemento.

De acordo coa información dispoñible no portal institucional de GAIN [\[54\]](#), algunhas **liñas anunciadas para 2026** son as seguintes:

- **Axudas para completar a etapa de formación posdoutoral**, orientadas a facilitar a consolidación da carreira investigadora tras etapas de mobilidade ou contratos posdoutorais previos.
- **Axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral**, destinadas a reforzar a continuidade e estabilidade do persoal investigador nunha fase avanzada da súa carreira científica.
- **Axudas de apoio á etapa predoutoral**, centradas na formación inicial de persoal investigador mediante contratos predoutorais.
- **Doutoramentos industriais**, orientados especificamente a promover a colaboración directa entre empresas e entidades de investigación a través da realización de teses doutorais en contornos empresariais.

Desde a perspectiva das organizacións industriais, a liña que presenta un **maior interese directo e aplicabilidade inmediata** é a de **Doutoramentos Industriais**, ao permitir integrar persoal investigador en formación directamente nos proxectos e necesidades das empresas, polo que a continuación procedemos a elaborar a preceptiva ficha asociada.

- **Tipo de ficha:** Programa de apoio á cooperación empresa–investigación e á formación de talento investigador, aplicable directamente a contornos industriais.
- **Título da iniciativa:** Doutoramentos Industriais (GAIN) [\[55\]](#).
- **Organismo convocante:** Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN).
- **Ámbito xeográfico:** Galicia.
- **Obxecto da axuda:** Fomentar a realización de teses doutorais en empresas galegas mediante a contratación de persoal investigador predoutoral, en colaboración cunha universidade ou entidade do Sistema Galego de I+D+i, co

obxectivo de impulsar a transferencia de coñecemento, a innovación empresarial e a formación avanzada de talento investigador en contornos produtivas reais.

- **Tipo de axuda:** Subvención a fondo perdido destinada ao financiamento de contratos predoutorais en modalidade de doutoramento industrial.
- **Intensidade e contía:** Non dispoñible. A normativa establece o financiamento dos custos salariais do persoal investigador predoutoral e outros conceptos asociados, nos termos definidos nas bases reguladoras da convocatoria.
- **Beneficiarios:** Empresas galegas que contraten persoal investigador predoutoral para a realización dunha tese doutoral en colaboración cunha universidade ou entidade de investigación acreditada.
- **Requisitos específicos:** Existencia dun acordo formal de colaboración entre a empresa e a entidade académica, definición dun proxecto de investigación aliñado coa actividade da empresa e formalización dun contrato predoutoral conforme á normativa vixente.
- **Actuacións / gastos subvencionables:** Custos salariais do persoal investigador predoutoral contratado e outros gastos vinculados ao desenvolvemento da tese doutoral, segundo o establecido nas bases reguladoras da convocatoria.
- **Duración da axuda / proxecto:** Ata 4 anos, de acordo coa duración máxima dos contratos predoutorais establecidos na normativa aplicable.
- **Criterios de valoración:** Calidade científico-técnica do proxecto de investigación, grao de implicación da empresa, potencial de transferencia de resultados, adecuación do plan formativo e capacidade das entidades participantes.
- **Prazo de solicitude:** O indicado na convocatoria correspondente. Como referencia, a convocatoria publicada no DOG en xullo de 2025 establece prazos específicos que deben verificarse en cada exercicio.
- **Obrigas do beneficiario:** Contratación e mantemento do persoal investigador durante o período subvencionado, execución do proxecto de investigación, xustificación técnica e económica da axuda e cumprimento das obrigas de publicidade do financiamento recibido.

- **Compatibilidade con outras axudas:** Non dispoñible. O réxime de compatibilidade establécese nas bases reguladoras de cada convocatoria.
- **Enlace e referencia oficial:** Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN). Doutoramentos Industriais [\[55\]](#).
- **Contacto / soporte:** Axencia Galega de Innovación (GAIN). Información e consultas a través do portal institucional e da sede electrónica da Xunta de Galicia.

### 7.1.7 Industria Innova (IGAPE)

- **Tipo de ficha:** Programa de apoio á innovación industrial e á competitividade empresarial.
- **Título da iniciativa:** Industria Innova.
- **Organismo convocante:** Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), no marco da Xunta de Galicia.
- **Ámbito xeográfico:** Galicia (convocatoria autonómica).
- **Obxecto da axuda:** Apoiar proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación de procesos e organización no sector industrial galego, co fin de mellorar a capacidade innovadora e a competitividade das empresas galegas mediante a execución de proxectos estratéxicos de I+D+i.
- **Tipo de axuda:** Subvención en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021–2027.
- **Intensidade e contía:** Dotación total da convocatoria: 30.000.000 € para o periodo 2026–2028, con cofinanciamento de ata 60 % do gasto elixible a través do FEDER e co 40 % restante como cofinanciamento privado das persoas beneficiarias. A distribución plurianual prevista é de 6.875.000 € en 2026, 16.250.000 € en 2027 e 6.875.000 € en 2028. A metade do investimento, destínase ao sector automoción.
- **Beneficiarios:**

- Pemes e grandes empresas do ámbito industrial con centro de traballo permanente en Galicia capaces de liderar proxectos estratéxicos de I+D+i.
- Agrupacións de pemes e grandes empresas que realicen proxectos de I+D+i en colaboración.
- Agrupacións de empresas industriais con centros tecnolóxicos e/ou centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito autonómico inscritos no rexistro correspondente e con centros de traballo en Galicia.

Nos proxectos con grandes empresas, estas deben cooperar con unha ou varias pemes que, no seu conxunto, asuman, como mínimo, o 5 % dos custos subvencionables.

- **Requisitos específicos:**

- Os proxectos deben cumprir as características definidas no artigo 5 das bases reguladoras.
  - Poden ser beneficiarias pemes e grandes empresas do ámbito industrial que dispoñan dun centro de traballo permanente en Galicia e que poidan liderar proxectos de I+D+i que cumpran coas características establecidas nas bases.
  - Tamén poden participar agrupacións de pemes e grandes empresas que realicen proxectos de I+D+i en colaboración.
  - Están admitidas agrupacións que inclúan empresas do sector industrial e un ou varios centros tecnolóxicos ou centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito autonómico inscritos nos rexistros correspondentes, sempre que cunten con centro de traballo en Galicia.

As entidades non deben incorrer en prohibicións segundo a normativa autonómica e xeral de subvencións (incluíndo non ser empresa en crise ou estar suxeita a orde de recuperación pendente).

- Cumprimento dos requisitos xerais de capacidade económica e técnica recollidos nas bases reguladoras.
- **Actuacións / gastos subvencionables:** Proxectos de innovación industrial que inclúan actividades de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación de procesos e organización, orientados a mellorar a

competitividade e a transición dixital e sostible das empresas participantes. Os tipos de intervención previstos inclúen actividades de I+D en pemes e grandes empresas, transferencia de tecnoloxía e cooperación entre empresas e con centros investigadores.

- **Duración da axuda / proxecto:** A duración dos proxectos e os prazos de execución deberán axustarse aos establecidos nas bases e na resolución de concesión; os proxectos son executados ao longo do periodo de vixencia da convocatoria 2026–2028.
- **Criterios de valoración principais:** Os proxectos son avaliados en concorrencia competitiva en función de criterios como a innovación e carácter estratéxico, impacto na competitividade, viabilidade técnica e económica, composición e capacidade do consorcio, e alineamento coas prioridades de I+D+i e a RIS3 de Galicia.
- **Prazo de solicitude:** O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte á publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e é de dous meses desde o inicio do prazo: do 17/01 ao 17/03 de 2026.
- **Obrigas do beneficiario:** Executar o proxecto conforme ao aprobado, xustificar gastos e actuacións, someterse ás actuacións de control e verificación, cumprir as obrigas de publicidade, e comunicar a obtención de outras subvencións que financien os mesmos custos.
- **Compatibilidade con outras axudas:** Compatibles con outras subvencións e programas sempre que non se supere o custo total elixible e non se incumpra a normativa sobre acumulación de axudas de Estado aplicable.
- **Enlace e referencia oficial:** Bases reguladoras e convocatoria das axudas da iniciativa Industria Innova no Diario Oficial de Galicia (código de procedemento IG530B) [[101](#)], e información resumida na ficha de CEAGA [[102](#)].
- **Contacto / soporte:** Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). Información e contacto a través das canles oficiais de Igape e da sede electrónica para a tramitación de axudas (procedemento IG530B). Contacto IGAPE: [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es). Contacto CEAGA: [iria.martinez@ceaga.com](mailto:iria.martinez@ceaga.com).

### 7.1.8 Ticket Innova (IGAPE)

- **Tipo de ficha:** Programa de apoio á innovación empresarial mediante servizos externos especializados.
- **Título da iniciativa:** Ticket INNOVA.
- **Organismo convocante:** Instituto Galego de Promoción Económica (IgaPe), no marco da Xunta de Galicia.
- **Ámbito xeográfico:** Galicia (convocatoria autonómica).
- **Obxecto da axuda:** Apoiar ás pemes galegas mediante a contratación de servizos externos especializados en innovación e desenvolvemento tecnolóxico, co obxectivo de mellorar a súa competitividade, capacidade innovadora e posicionamento tecnolóxico, a través dun sistema de bonos ou “tickets” asociados a diferentes modalidades de apoio.
- **Tipo de axuda:** Subvención en réxime de concorrencia non competitiva, por orde de entrada das solicitudes ata esgotamento do crédito dispoñible.
- **Intensidade e contía:**
  - Intensidade da axuda: 80 % do gasto subvencionable.
  - Gasto mínimo subvencionable por ticket: 5.000 €.
  - Importe máximo subvencionable: 37.500 €.
- **Beneficiarios:** Pemes con centro de traballo en Galicia que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.
- **Requisitos específicos:** Cumprimento dos requisitos xerais para obter a condición de persoa beneficiaria segundo a normativa de subvencións aplicable. Non incorrer en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria establecidas na normativa vixente.
- **Actuacións / gastos subvencionables:**

Contratación de servizos externos especializados en innovación e desenvolvemento tecnolóxico, prestados por empresas especializadas ou centros tecnolóxicos. A convocatoria contempla seis modalidades de ticket: Estratexia e xestión da innovación.

  - Deseño para a innovación.

- Xestión da protección do coñecemento.
  - Certificacións para deducións fiscais en I+D+i.
  - Preparación de propostas para axudas públicas.
  - Deseño de novos procesos ou servizos baseados en tecnoloxías dixitais emerxentes.
- **Nivel máximo de subcontratación e limitacións:** Non permitido.
  - **Duración da axuda / proxecto:** O período subvencionable de gasto abrangue desde o 1 de xaneiro de 2026 ata a data de presentación da solicitude, podendo tratarse de gasto previo á solicitude.
  - **Duración mínima e máxima do servizo:** Non determinado.
  - **Criterios de valoración principais:** Non se atopan.
  - **Prazo de solicitude:** Dende o 26 de xaneiro, ata o 30 de setembro de 2026 ás 14:00 h, ou ata esgotamento do crédito dispoñible.
  - **Prazo de resolución:** 3 meses desde a presentación da solicitude.
  - **Obrigas do beneficiario:**
    - Non compatibilizar a axuda con outras subvencións para os mesmos gastos.
    - Cumprir co réxime de axudas de minimis, respectando os límites establecidos (300.000 € con carácter xeral; 40.000 € no sector da pesca; 50.000 € no sector agrícola, nos tres exercicios fiscais previos).
    - Comunicar ao Igape a solicitude ou obtención doutras axudas, e presentar a correspondente declaración responsable antes da concesión.
    - Non incorrer en prohibicións para obter a condición de beneficiaria nin estar suxeita a unha orde de recuperación de axudas.
  - **Compatibilidade con outras axudas:** Non compatible a axuda con outras axudas ou subvencións públicas que financien os mesmos gastos subvencionables, dado o carácter incompatible do réxime de axudas.

- **Enlace e referencia oficial:** Convocatoria Ticket INNOVA 2026 (procedemento IG408K), publicada no Diario Oficial de Galicia [\[103\]](#).
- **Contacto / soporte:** Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). Información e contacto a través das canles oficiais de Igape e da sede electrónica para a tramitación de axudas (procedemento IG408K). Contacto IGAPE: [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es).

#### 7.1.9 IA 360 (IGAPE)

- **Tipo de ficha:** Programa de apoio a proxectos de innovación baseados en intelixencia artificial.
- **Título da iniciativa:** IA 360.
- **Organismo convocante:** Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), no marco da Xunta de Galicia.
- **Ámbito xeográfico:** Galicia (convocatoria autonómica).
- **Obxecto da axuda:** Apoiar proxectos ligados á intelixencia artificial orientados ao impulso da innovación empresarial, mediante o desenvolvemento de novos produtos ou servizos baseados en IA ou a adquisición e implantación de solucións de IA para mellorar a produtividade e a competitividade das empresas. Os proxectos deben estar aliñados coa RIS3 Galicia 2021–2027 e encadrarse en sectores estratéxicos ou clave para Galicia.
- **Tipo de axuda:** Subvención en réxime de concorrencia competitiva.
- **Intensidade e contía:**

o Liña A – Desenvolvemento tecnolóxico: subvención mínima de 150.000 € e máxima de 500.000 €, cunha intensidade do 45 % para pemes, 35 % para empresas medianas e 25 % para grandes empresas.

o Liña B – Innovación / aplicación: subvención mínima de 30.000 € e máxima de 100.000 €, cunha intensidade do 50 % para pemes e empresas medianas, non sendo subvencionables as grandes empresas nesta liña.

Posibilidade dun incremento adicional de ata o 15 % da intensidade da axuda por compromiso de publicidade e divulgación de resultados, cun límite máximo do 60 % nas liñas compatibles.

- **Beneficiarios:** Pemes, empresas medianas e grandes empresas con centro de traballo en Galicia que desenvolvan proxectos de intelixencia artificial conforme ás liñas e condicións establecidas nas bases reguladoras.
- **Requisitos específicos:**
  - Os proxectos deben estar vinculados á intelixencia artificial e aliñados coa RIS3 Galicia 2021–2027.
  - As actuacións deben encadrarse en sectores estratéxicos ou clave para a economía galega, conforme ao establecido nas bases reguladoras.
- **Actuacións / gastos subvencionables:**
  - Liña A: proxectos de desenvolvemento tecnolóxico de novos produtos ou servizos baseados en intelixencia artificial, orientados a procesos industriais e á súa comercialización.
  - Liña B: adquisición e implantación de solucións baseadas en intelixencia artificial destinadas á mellora da produtividade e da competitividade empresarial.
- **Nivel de subcontratación máximo e limitacións:** Subcontratación máxima do 50 % dos custos directos subvencionables en ambas as dúas liñas.
- **Duración da axuda / proxecto:**
  - Liña A: desde a presentación da solicitude ata o 15/09/2027, sendo a data límite de xustificación o 30/09/2027.
  - Liña B: desde a presentación da solicitude ata o 30/09/2026, sendo a data límite de xustificación o 15/10/2026.

Non se establece unha duración mínima expresa, quedando implícita nas datas máximas de execución.

- **Criterios de valoración principais:** Os proxectos son avaliados en concorrencia competitiva en función dos criterios establecidos nas bases reguladoras, incluíndo a calidade técnica, o grao de innovación, o impacto esperado e a súa alineación coa RIS3 Galicia.
- **Prazo de solicitude:** do 17/01/2026 ás 09:00 h ata o 17/03/2026 ás 14:00 h.

- **Prazo de resolución:** Prazo máximo de resolución e publicación da concesión: 4 meses dende a publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
- **Obrigas do beneficiario:** Executar o proxecto conforme ao aprobado, xustificar os gastos e actuacións realizadas, cumprir coas obrigas de publicidade e difusión dos resultados cando corresponda e someterse ás actuacións de control e verificación previstas.
- **Compatibilidade con outras axudas:** non compatible con axudas para o mesmo fin.
- **Enlace e referencia oficial:** Bases reguladoras e convocatoria das axudas da iniciativa Industria Innova no Diario Oficial de Galicia (código de procedemento IG408M) [104], e información resumida na ficha de CEAGA [105].
- **Contacto / soporte:** Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). Información e contacto a través das canles oficiais de Igape e da sede electrónica para a tramitación de axudas (procedemento IG408M). Contacto IGAPE: [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es).

#### 7.1.10 IGAPE Innova (IGAPE)

- **Tipo de ficha:** Programa de apoio a plans de innovación en procesos, organización e deseño para a innovación e a sustentabilidade.
- **Título da iniciativa:** IGAPE INNOVA.
- **Organismo convocante:** Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), no marco da Xunta de Galicia.
- **Ámbito xeográfico:** Galicia (convocatoria autonómica).
- **Obxecto da axuda:** Apoiar a execución de plans de innovación en procesos e organización e plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade que introduzan melloras significativas nos procesos produtivos, na organización empresarial ou no deseño de produtos e servizos. No ámbito da innovación de procesos inclúese expresamente o teste a escala preindustrial e a realización de proxectos piloto de tecnoloxías facilitadoras, entre as que se atopan, entre outras, a intelixencia artificial, a ciberseguridade, a impresión 3D, a automatización avanzada e a robótica, a realidade aumentada, así como outras tecnoloxías emerxentes.

- **Tipo de axuda:** Subvención en réxime de concorrencia competitiva.
- **Intensidade e contía:**
  - Intensidade da axuda do 50 % do gasto subvencionable.
  - Orzamento subvencionable por plan entre 50.000 € e 250.000 € por proxecto.
- **Beneficiarios:** Pemes con centro de traballo en Galicia que presenten plans de innovación en procesos, organización ou deseño conforme ás condicións establecidas nas bases reguladoras.
- **Requisitos específicos:** Os proxectos deben integrarse nun plan de innovación en procesos e organización ou nun plan de deseño para a innovación e a sustentabilidade.

As actuacións deben introducir melloras significativas nos procesos, na organización ou no deseño de produtos ou servizos.
- **Actuacións / gastos subvencionables:**
  - Actividades incluídas en plans de innovación en procesos e organización.
  - Actividades incluídas en plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade.
  - En innovación de procesos, inclúese o teste a escala preindustrial e a execución de proxectos piloto de tecnoloxías facilitadoras, incluíndo especificamente intelixencia artificial, ciberseguridade, impresión 3D, automatización avanzada e robótica, realidade aumentada e outras tecnoloxías emerxentes.
- **Nivel de subcontratación máximo e limitacións:** Subcontratación máxima do 50 % dos custos directos do plan subvencionable.
- **Duración da axuda / proxecto:** Prazo máximo de execución ata o 30/09/2027. Non se establece unha duración mínima expresa.
- **Criterios de valoración principais:** Os proxectos avalíanse en concorrencia competitiva conforme aos criterios establecidos nas bases reguladoras, atendendo á calidade do plan, ao grao de innovación, ao impacto esperado e á viabilidade técnica e económica.

- **Prazo de solicitude:** Do 17/01/2026 ás 09:00 h ata o 16/02/2026 ás 14:00 h.
- **Prazo de resolución:** 3 meses desde a publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
- **Obrigas do beneficiario:** Executar o plan conforme ao aprobado, xustificar os gastos e actuacións realizadas, cumprir coas obrigas de publicidade cando proceda e someterse ás actuacións de control e verificación previstas nas bases reguladoras.
- **Compatibilidade con outras axudas:** As axudas concedidas polo Igape ao abeiro desta convocatoria serán compatibles coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, de ámbito nacional ou internacional, sempre que non se superen as intensidades máximas de axuda establecidas no Regulamento (UE) 651/2014, que teñen a consideración de intensidade máxima.
- **Enlace e referencia oficial:** Bases reguladoras e convocatoria das axudas da iniciativa Industria Innova no Diario Oficial de Galicia (código de procedemento IG408M) [\[106\]](#), e información resumida na ficha de CEAGA [\[107\]](#).
- **Contacto / soporte:** Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). Información e contacto a través das canles oficiais de Igape e da sede electrónica para a tramitación de axudas (procedemento IG408L). Contacto IGAPE: [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es).

## 7.2 España

Este bloque recolle as principais **iniciativas de ámbito estatal** relevantes para o ecosistema industrial galego en materia de cooperación, investimento e financiamento en I+D+i. A información aquí presentada baséase fundamentalmente en **fontes oficiais das administracións públicas competentes**, así como na **documentación de apoio e orientación facilitada por un centro de I+D e por unha entidade privada especializada en xestión de axudas e subvencións**, que colaboraron de maneira altruísta na elaboración desta guía.

O obxectivo desta sección é ofrecer unha **visión orientativa** dos instrumentos nacionais máis relevantes, facilitando a súa comprensión e priorización por parte das organizacións interesadas.

Como no resto do informe, a información debe entenderse como apoio á planificación estratéxica, recomendándose sempre a consulta das bases reguladoras oficiais e das convocatorias vixentes no momento da solicitude. En xeral, os datos achegados corresponden ás convocatorias de 2025.

### 7.2.1 Programa de Impulso da Cadea de Valor Industrial (CVI 2025)

- **Tipo de ficha:** Programa de apoio ao impulso da cadea de valor do sector industrial mediante proxectos tractores e investimentos estratéxicos.
- **Título da iniciativa:** Programa de Impulso da Cadea de Valor Industrial (CVI 2025).
- **Organismo convocante:** Ministerio de Industria e Turismo.
- **Ámbito xeográfico:** España.
- **Obxecto da axuda:** Apoiar proxectos de impulso da cadea de valor do sector industrial, incluíndo actuacións de investigación industrial, desenvolvemento experimental, innovación organizativa e de procesos, así como proxectos orientados á sustentabilidade e á dixitalización, co obxectivo de reforzar a competitividade, a resiliencia e a transformación do tecido industrial.
- **Tipo de axuda:** Subvención en réxime de concorrencia non competitiva, por orde de entrada das solicitudes ata esgotamento do crédito dispoñible.
- **Intensidade e contía:**
  - Intensidade da axuda entre o 65 % e o 80 %, incluíndo o incremento adicional por compromisos de difusión de resultados.
  - Orzamento mínimo do proxecto desde 250.000 €, no caso de pemes na liña Peme I+D+i, e importes equivalentes noutras liñas segundo a tipoloxía publicada.
  - Non se establece un importe máximo explícito por proxecto, situándose o presuposto global entre 25 e 35 millóns de euros segundo a tipoloxía de actuación.
- **Beneficiarios:** Empresas industriais, incluídas pemes e grandes empresas, que desenvolvan proxectos de impulso da cadea de valor industrial conforme ás liñas e condicións establecidas na convocatoria.

- **Requisitos específicos:**
  - Os proxectos deben encadrarse nas tipoloxías subvencionables definidas no programa e contribuír ao impulso da cadea de valor do sector industrial.
  - As actuacións deben estar aliñadas cos obxectivos de transformación industrial, innovación, sustentabilidade e dixitalización establecidos nas bases reguladoras.
- **Actuacións / gastos subvencionables:**
  - Proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental.
  - Proxectos de innovación organizativa e de procesos.
  - Actuacións orientadas á sustentabilidade industrial.
  - Proxectos de dixitalización do sector industrial, conforme ás tipoloxías recollidas na convocatoria.
- **Nivel de subcontratación máximo e limitacións:** Subcontratación máxima do 90 % dos custos subvencionables. Non se establece unha porcentaxe mínima de subcontratación.
- **Duración da axuda / proxecto:** Duración máxima de execución dos proxectos: 36 meses. A duración mínima coincide coa duración máxima establecida no marco do programa.
- **Criterios de valoración:** Elixibilidade da entidade solicitante, do proxecto presentado, e da proposta presentada (a nivel técnico, operativo e estratéxico).
- **Prazo de solicitude:** Do 29/01/2026 ás 10:00 h ao 11/02/2026 ás 14:00 h.
- **Obrigas do beneficiario:** Executar o proxecto conforme ao aprobado, xustificar técnica e economicamente as actuacións financiadas, cumprir coas obrigas de seguimento, control e publicidade da axuda recibida, e someterse ás actuacións de verificación previstas na normativa aplicable.
- **Compatibilidade con outras axudas:** As axudas reguladas nesta orde non poderán acumularse con ningunha outra axuda concedida a proxectos cuxos obxectivos, alcance ou conceptos de gasto sexan coincidentes, total ou

parcialmente, cos obxectivos, alcance ou conceptos de gasto das actuacións presentadas, con independencia da orixe do seu financiamento.

- **Enlace e referencia oficial:** Ministerio de Industria e Turismo. Programa de Impulso da Cadea de Valor Industrial (CVI 2025). Información xeral do programa e extracto da convocatoria publicado no Boletín Oficial do Estado [\[108\]\[109\]](#).
- **Contacto / soporte:** Ministerio de Industria e Turismo. Información e soporte a través do portal oficial de axudas e das canles habilitadas polo ministerio para o programa CVI ([convocatorias.prtr.sepides@sepides.es](mailto:convocatorias.prtr.sepides@sepides.es)).

### 7.2.2 Proxectos de Colaboración Público-Privada - CPP (AEI)

- **Tipo de ficha:** Programa de apoio a proxectos colaborativos de I+D entre empresas e organismos de investigación, aplicable a contornos industriais.
- **Título da iniciativa:** Proxectos de Colaboración Público-Privada (CPP).
- **Organismo convocante:** Axencia Estatal de Innovación (AEI).
- **Ámbito xeográfico:** España.
- **Obxecto da axuda:** Apoiar proxectos de desenvolvemento experimental realizados en cooperación efectiva entre empresas e organismos de investigación, orientados á aplicación empresarial de novos coñecementos e técnicas e ao desenvolvemento de novos produtos, procesos ou servizos, contribuíndo á transferencia de coñecemento e ao reforzo da colaboración público-privada en I+D+i.
- **Tipo de axuda:** Axuda mixta, estruturada como subvención a fondo perdido para organismos de investigación e combinación de préstamo reembolsable e subvención limitada para empresas, segundo a natureza dos custos financiados.
- **Intensidade e contía:**
  - Organismos de investigación públicos e privados: ata o 100 % do orzamento subvencionable en forma de subvención.
  - Empresas: subvención de ata o 60 % para determinadas actuacións (como contratación de persoal investigador) e préstamo de ata o 95 % do orzamento financiable do proxecto, con condicións financeiras preferentes.



- **Enlace e referencia oficial:** Axencia Estatal de Investigación. Proxectos de Colaboración Público-Privada – Convocatoria 2025 [\[57\]](#).
- **Contacto / soporte:** Información e atención ao cidadán de AEI.

### 7.2.3 Axudas para contratos Torres Quevedo - PTQ (AEI)

- **Tipo de ficha:** Axuda individual orientada á incorporación de persoal investigador doutor en entidades do tecido produtivo e de innovación. Aplicable tamén a contornos industriais.
- **Título da iniciativa:** Axudas para contratos Torres Quevedo (PTQ) 2025.
- **Organismo convocante:** Axencia Estatal de Innovación (AEI).
- **Ámbito xeográfico:** España.
- **Obxecto da axuda:** Apoiar a contratación laboral de persoas con grao de doutor en entidades do sector privado e do ecosistema de innovación, co fin de favorecer a carreira profesional do persoal investigador, estimular a demanda de talento doutor no sector privado e apoiar plans e proxectos de I+D.
- **Tipo de axuda:** Subvención.
- **Intensidade e contía:** Subvención a fondo perdido entre un 45% y un 70% para pequenas empresas, que se determina en función do custe da contratación.
- **Beneficiarios:** Empresas, centros tecnolóxicos, centros de apoio á innovación tecnolóxica, asociacións empresariais e parques científicos e tecnolóxicos que requiran a contratación de persoal doutor para acometer actividades e proxectos de I+D.
- **Requisitos específicos:** Contratación laboral dunha persoa con grao de doutor por parte da entidade beneficiaria, nos termos e condicións establecidos pola convocatoria e polas bases reguladoras aplicables.
- **Actuacións / gastos subvencionables:** Custos asociados á contratación laboral de persoal investigador doutor (salario e cuota empresa de seguridade social). Máximo 56.000€ anuais, mínimo 28.500€ salario bruto.
- **Duración da axuda / proxecto:** 3 anos.

- **Criterios de valoración:** A orde de bases establece o marco xeral de concorrencia competitiva e procedemento; o detalle de criterios específicos debe confirmarse na convocatoria correspondente.
- **Prazo de solicitude:** Na edición 2025, foi do 27/11/2025 ao 18/12/2025 (ata as 14:00, hora peninsular), segundo a información oficial publicada.
- **Obrigas do beneficiario:** Execución e mantemento das condicións asociadas á contratación, así como xustificación técnico-económica, seguimento e publicidade, conforme ao réxime xeral das bases reguladoras e ao detalle da convocatoria.
- **Compatibilidade con outras axudas:** Con carácter xeral, as bases reguladoras permiten compatibilidade con outras axudas sempre que non se supere o custo total da actividade financiada e se respecte a normativa aplicable.
- **Enlace e referencia oficial:** Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. Axudas para contratos Torres Quevedo (PTQ) 2025 [\[58\]](#).
- **Contacto / soporte:** Información e atención ao cidadán de AEI.

#### 7.2.4 Proxectos de xeración de coñecemento (AEI)

- **Tipo de ficha:** Programa de apoio a proxectos individuais de investigación fundamental e aplicada, orientado á xeración de novo coñecemento científico-técnico, con impacto potencial a medio e longo prazo.
- **Título da iniciativa:** Proxectos de xeración de coñecemento – Convocatoria 2025.
- **Organismo convocante:** Axencia Estatal de Innovación (AEI).
- **Ámbito xeográfico:** España.
- **Obxecto da axuda:** Financiar proxectos de investigación orientados á xeración de coñecemento científico e técnico novo, sen necesidade de aplicación inmediata, así como actuacións complementarias de formación de persoal investigador, co obxectivo de reforzar a excelencia científica, a capacidade investigadora e a base de coñecemento do sistema español de I+D+i. Estes proxectos constitúen unha peza clave para alimentar, a medio prazo, procesos de transferencia, innovación e desenvolvemento tecnolóxico en sectores estratéxicos, incluído o ámbito industrial.

- **Tipo de axuda:** Subvención a fondo perdido.
- **Intensidade e contía:**
  - Ata o 100 % dos custos elixibles para organismos de investigación.
  - Contía máxima por proxecto: non dispoñible (depende da tipoloxía do proxecto e da avaliación).
- **Beneficiarios:** Universidades públicas e privadas, organismos públicos de investigación, centros tecnolóxicos e outros organismos de investigación e difusión do coñecemento, conforme á definición establecida nas bases reguladoras.
- **Requisitos específicos:**
  - Presentación dun proxecto de investigación orixinal e de calidade científica contrastada.
  - Adscrición do proxecto a unha entidade beneficiaria válida segundo a convocatoria.
  - Cumprimento dos requisitos de composición do equipo investigador e das condicións de dedicación establecidas nas bases reguladoras.
- **Actuacións / gastos subvencionables:** Custos de persoal investigador, custos de execución directa do proxecto (material inventariable e funxible, viaxes vinculadas á investigación, publicacións científicas), custos indirectos e outras partidas recollidas nas bases reguladoras e na convocatoria.
- **Duración da axuda / proxecto:** Proxectos de 3 ou 4 anos, segundo a modalidade solicitada.
- **Criterios de valoración:** Excelencia científico-técnica da proposta, traxectoria do equipo investigador, calidade e viabilidade do plan de traballo, impacto científico esperado e contribución á formación de persoal investigador.
- **Prazo de solicitude:** O establecido na convocatoria anual correspondente. O ano 2025, foi do 20 de novembro ao 16 de decembro.
- **Obrigas do beneficiario:** Execución do proxecto conforme á proposta aprobada, xustificación técnica e económica, cumprimento das obrigas de seguimento, avaliación e publicidade da axuda recibida.

- **Compatibilidade con outras axudas:** Compatible con outras axudas, sempre que non se produza dobre financiamento dos mesmos custos e se respecte a normativa de axudas de Estado e o réxime establecido nas bases reguladoras.
- **Enlace e referencia oficial:** Axencia Estatal de Investigación. Proxectos de xeración de coñecemento – Convocatoria 2025 [59].
- **Contacto / soporte:** en 2025, [proyexcyret.solicitud@aei.gob.es](mailto:proyexcyret.solicitud@aei.gob.es).

### 7.2.5 Innterconecta STEP (CDTI)

- **Tipo de ficha:** Programa de apoio a proxectos colaborativos empresariais de I+D, orientado a iniciativas estratéxicas e tractores con impacto industrial.
- **Título da iniciativa:** Innterconecta STEP – Convocatoria 2025.
- **Organismo convocante:** Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI).
- **Ámbito xeográfico:** España, con posible participación de entidades de distintas comunidades autónomas.
- **Obxecto da axuda:** Apoiar proxectos de I+D en cooperación empresarial, de carácter estratéxico, aliñados coas prioridades da iniciativa STEP (Strategic Technologies for Europe Platform), orientados ao desenvolvemento e maduración de tecnoloxías críticas e estratéxicas para a autonomía industrial europea, incluíndo ámbitos como dixitalización avanzada, tecnoloxías profundas (deep tech), enerxía, sustentabilidade, seguridade e cadeas de valor industriais [60].
- **Tipo de axuda:** Axuda parcialmente reembolsable, combinando préstamo reembolsable e tramo non reembolsable, conforme ás condicións establecidas polo CDTI na convocatoria. As áreas prioritarias inclúen: Transformación dixital e intelixencia artificial, enerxías limpas e eficiencia no uso dos recursos, biotecnoloxía aplicada á saúde e á industria, innovacións en agroalimentación e sustentabilidade, mobilidade intelixente e transporte sostible, ciberseguridade e tecnoloxías de defensa.
- **Intensidade e contía:** Apoiar proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental, cun orzamento subvencionable de entre 1 e 4 millóns de euros. Ofrece subvencións a fondo perdido, cunha porcentaxe de financiamento que varía segundo o tamaño da empresa:

- Pequenas empresas: ata o 80 % dos custos subvencionables.
- Medianas empresas: ata o 75 %.
- Grandes empresas: ata o 65 %.
- **Beneficiarios:** Consorcios de empresas, cunha participación maioritaria de pemes, podendo incluír empresas grandes, que desenvolvan proxectos de I+D en cooperación. A participación de organismos de investigación pode realizarse como subcontratación.
- **Requisitos específicos:**
  - Proxectos en cooperación empresarial con reparto equilibrado de actividades.
  - Aliñación cos ámbitos tecnolóxicos e estratéxicos definidos no marco STEP.
  - Cumprimento dos requisitos xerais de solvencia técnica e económica establecidos polo CDTI.
- **Actuacións / gastos subvencionables:** Custos de persoal, investimentos en equipamento e instrumental, subcontratacións, gastos xerais e outros custos directamente vinculados á execución das actividades de I+D, conforme ás condicións establecidas na convocatoria.
- **Duración da axuda / proxecto:** Ata 3 anos, segundo o establecido na convocatoria.
- **Actuacións / gastos subvencionables:** Non aplica. O selo non subvenciona actuacións directamente, senón que habilita o acceso a incentivos e compatibilidades fiscais e laborais.
- **Duración da axuda / vixencia:** O selo ten unha vixencia temporal limitada, renovable segundo as condicións establecidas polo órgano competente.
- **Criterios de valoración:** Cumprimento dos criterios obxectivos de innovación establecidos polo Ministerio, baseados en evidencias de actividade en I+D+i.
- **Prazo de solicitude:** Convocatoria aberta de forma permanente.
- **Outras oportunidades asociadas:** A posesión do selo pode facilitar o acceso, segundo prazos e convocatorias vixentes, a:
  - Axudas para a contratación e formación de tecnólogos en actividades de I+D+i.
  - Instrumentos de Compra Pública Innovadora.

- Financiamento específico, como a Liña ICO Innovación – Fondo Tecnolóxico.
- **Obrigas do beneficiario:** Manter as condicións que deron lugar á concesión do selo e cumprir coas obrigas de veracidade da información achegada, así como coas condicións de uso do distintivo.
- **Compatibilidade con outras axudas:** Compatible con múltiples instrumentos de financiamento, incentivos fiscais e axudas públicas, segundo a normativa aplicable.
- **Enlace e referencia oficial:** Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. Selo PEME Innovadora [\[75\]](#).
- **Contacto / soporte:** Información e tramitación a través do portal do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e das canles habilitadas para o Selo PEME Innovadora.

#### 7.2.19 Certificación de startup (ENISA)

- **Tipo de ficha:** Instrumento de certificación e recoñecemento oficial no marco da Lei de Startups [\[25\]](#), con efectos fiscais, laborais e administrativos.
- **Título da iniciativa:** Certificación de Startup (Empresa Emerxente) – ENISA.
- **Organismo convocante:** Empresa Nacional de Innovación (ENISA).
- **Ámbito xeográfico:** España.
- **Obxecto da certificación:** Identificar, validar e recoñecer oficialmente aquelas startups que cumpren cos criterios de innovación, crecemento e potencial de escalabilidade establecidos na Lei de Startups, co fin de impulsar o ecosistema emprendedor e facilitar o acceso a incentivos fiscais, financeiros e administrativos.
- **Tipo de axuda:** Certificación administrativa oficial (non implica subvención directa).
- **Beneficiarios:**
  - Startups e empresas emerxentes de recente creación que:
    - Teñan sede social ou establecemento permanente en España.
    - Desenvolvan un modelo de negocio claramente innovador, con capacidade de escalado e proxección internacional.

- Estean orientadas ao crecemento e dispoñan dun plan empresarial coherente con ese obxectivo.

- **Requisitos específicos:**

- Antigüidade máxima da empresa: 5 anos desde a constitución (ata 7 anos nos sectores de biotecnoloxía, enerxía ou de base científica avanzada).
- Xustificación documentada do carácter innovador do produto ou servizo.
- Estrutura independente (non procedente de fusionés, escisións ou reestruturacións empresariais).
- Non reparto de dividendos, reinvestindo os beneficios no crecemento da empresa.

- **Principais vantaxes asociadas á certificación:**

- Redución do tipo impositivo do Imposto sobre Sociedades ao 15 %.
- Atraso no pagamento de débedas tributarias sen garantías adicionais.
- Exoneración dos pagamentos fraccionados do Imposto sobre Sociedades.
- Eliminación de determinadas taxas rexistras na constitución da empresa.
- Exención da obriga de obtención do NIE para investidores estranxeiros non residentes.
- Bonificación durante tres anos das cotizacións á Seguridade Social para emprendedores autónomos que tamén traballen por conta allea.
- Ampliación da exención fiscal por stock options até 50.000 € anuais.
- Aumento da dedución por investimento en empresas de nova creación até o 50 %, cunha base máxima de 100.000 €.
- Impulso á participación en sandboxes reguladores e contornos controlados de probas.
- Facilidades na prestación de garantías ou pagamentos a conta en caso de concesión de subvencións públicas.

- **Actuacións / gastos subvencionables:** Non aplica. A certificación non subvenciona gastos directamente.

- **Duración da certificación:** A vixencia determínase conforme ás condicións establecidas na Lei de Startups e na normativa de desenvolvemento.

- **Criterios de valoración:** Grao de innovación, potencial de escalabilidade, orientación ao crecemento, viabilidade do modelo de negocio e cumprimento dos requisitos legais establecidos.
- **Prazo de solicitude:** Aberto de forma permanente, a través do procedemento habilitado por ENISA.
- **Obrigas do beneficiario:** Manter o cumprimento dos requisitos que deron lugar á certificación e achegar información veraz e actualizada durante a vixencia do recoñecemento.
- **Compatibilidade con outras axudas:** Compatible con subvencións, préstamos e outros instrumentos públicos e privados, de acordo coa normativa aplicable.
- **Enlace e referencia oficial:** Empresa Nacional de Innovación (ENISA). Proceso de certificación de startups [\[76\]](#).
- **Contacto / soporte:** Empresa Nacional de Innovación (ENISA). Atención a través do portal institucional e das canles habilitadas para a certificación de startups.

#### 7.2.20 Tax Equity aka Mecenado aka Tax Lease (Ministerio de Facenda)

O **Tax Equity** é un mecanismo de financiamento privado que permite ás empresas anticipar o valor económico dos incentivos fiscais á I+D+i, obtendo liquidez a curto prazo sen necesidade de xerar beneficios fiscais propios, sen acudir a convocatorias públicas e sen dilución de capital nin incremento de endebedamento tradicional. Este instrumento resulta especialmente axeitado para proxectos de I+D+i cun orzamento anual superior a 400.000 € [\[77\]](#)[\[78\]](#).

- **Obxectivo e alcance:** O mecanismo permite transformar as deducións fiscais por I+D+i en financiamento inmediato, facilitando a execución de proxectos innovadores en condicións de mercado, con trazabilidade fiscal e seguridade xurídica.
- **Principais vantaxes para as empresas:**
  - Acceso a financiamento neto equivalente a entre o 25 % e o 40 % do orzamento do proxecto.
  - Non require beneficios fiscais previos, ao contrario das deducións tradicionais.

- Non implica dilución accionarial nin perda de control societario.
  - Non xera débeda financeira convencional, mellorando o perfil de balance.
  - Permite financiar proxectos mesmo cando as axudas públicas non son viables (por exemplo, empresas sen beneficios, con limitacións de axudas de Estado ou con restricións de concorrancia).
- **¿Como se articula o Tax Equity?**
    1. A empresa define e executa un proxecto de I+D+i, susceptible de certificación.
    2. O proxecto estrutúrase a través dun vehículo específico, habitualmente unha AIE (Agrupación de Interese Económico) [\[79\]](#).
    3. As deducións fiscais por I+D+i asociadas ao proxecto trasládanse a un investidor privado.
    4. O investidor obtén un beneficio fiscal certo, verificable e trazable.
    5. A empresa recibe financiamento a curto prazo para executar o proxecto cando realmente o precisa.
- **Problemas que resolve:**
    - Elimina a dependencia de ter beneficios fiscais para aplicar deducións.
    - Evita a espera prolongada asociada a mecanismos de cash back.
    - Reduce a necesidade de ampliacións de capital ou de débeda bancaria.
    - Achega liquidez no momento crítico de execución do proxecto, e non anos despois.
- **Tipoloxía de proxectos axeitados:** Este instrumento é especialmente relevante para:
    - proxectos intensivos en I+D con alto compoñente tecnolóxico,
    - empresas industriais, tecnolóxicas ou deep tech,
    - iniciativas con ciclos longos de maduración e retorno,
    - proxectos complementarios a axudas públicas (CDTI, AEI, GAIN, etc.), optimizando a estrutura financeira global.

- **Consideracións clave:** O Tax Equity require unha correcta definición técnica e fiscal do proxecto, así como a obtención de certificacións de I+D+i e unha estruturación xurídica adecuada. Por este motivo, adoita implementarse coa participación de entidades especializadas en financiamento estruturado, fiscalidade da innovación e certificación tecnolóxica.

### 7.2.21 Cheque ou deducións fiscais (Ministerio de Facenda)

As **deducións fiscais por I+D+i** constitúen un dos principais instrumentos estruturais de apoio á innovación empresarial en España. Trátase dun incentivo fiscal aplicado no Imposto sobre Sociedades [80], que permite ás empresas recuperar unha parte relevante do investimento realizado en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, con independencia de que estas actividades estean ou non asociadas a proxectos subvencionados.

- **Concepto e alcance:** A través das deducións fiscais, as empresas poden minoraren a súa cota do Imposto sobre Sociedades en función dos gastos e investimentos realizados en I+D+i durante o exercicio fiscal correspondente. En termos xerais, este mecanismo permite recuperar entre un 12 % e un 57 % do investimento realizado, dependendo da tipoloxía da actividade (I+D ou innovación tecnolóxica), da recorrencia do gasto e doutras condicións previstas na normativa fiscal vixente.

Este instrumento é especialmente relevante para empresas con actividade innovadora recorrente, xa que:

- incentiva a internalización da I+D+i como parte estrutural do negocio,
  - é compatible con outras axudas públicas (CDTI, AEI, GAIN, etc.), dentro dos límites de acumulación de axudas,
  - e ofrece seguridade xurídica, especialmente cando se acompaña de certificacións e informes motivados.
- **O cheque fiscal:** Cando a empresa non dispón de beneficios fiscais suficientes para aplicar as deducións xeradas, a normativa permite optar pola súa monetización a través do denominado “cheque fiscal”. Este mecanismo posibilita transformar a dedución fiscal nun ingreso en liquidez, en lugar de aplicala como minoración da cota do imposto.

Mediante o cheque fiscal:

- a empresa recibe en liquidez ata o 80 % da dedución fiscal xerada,
  - o cobro prodúcese no exercicio seguinte ao da declaración do Imposto sobre Sociedades, cun prazo máximo aproximado de seis meses desde a finalización do período habilitado,
  - e mantense a trazabilidade fiscal do incentivo, baixo control da Axencia Tributaria.
- **Requisitos para a aplicación do cheque fiscal:** Para poder acollerse á monetización das deducións fiscais, deben cumprirse unha serie de condicións establecidas na normativa fiscal:
    - Ter transcorrido polo menos un ano desde a finalización do período impositivo no que se xerou a dedución, sen que esta fose aplicada.
    - Non reducir a plantilla media, ou alternativamente a plantilla media adscrita a actividades de I+D+i, desde o final do período impositivo de xeración da dedución ata a finalización do prazo de solicitude do cheque fiscal.
    - Reinvestir un importe equivalente á dedución aplicada ou monetizada en actividades de I+D+i ou en investimentos en inmovilizado material ou intanxible afecto exclusivamente a estas actividades (excluídos inmobles), nun prazo de 24 meses.
    - Dispor dun informe motivado vinculante ou dun acordo previo de valoración que certifique a cualificación das actividades como I+D ou innovación tecnolóxica, nos termos establecidos na normativa do Imposto sobre Sociedades.
  - **Valor estratéxico para as empresas:** O conxunto de deducións fiscais e o cheque fiscal constitúe un **instrumento estrutural clave** para:
    - mellorar o retorno financeiro dos proxectos innovadores,
    - reducir o risco económico asociado á I+D+i,
    - complementar subvencións e préstamos públicos,
    - e asegurar a sustentabilidade financeira de estratexias de innovación a medio e longo prazo.

Para o tecido industrial galego, este mecanismo resulta especialmente relevante como peza transversal que pode acompañar practicamente calquera iniciativa de I+D+i, con independencia da súa fonte principal de financiamento.

## 7.3 Europa

### 7.3.1 INTERREG España-Portugal (POCTEP, FEDER)

- **Tipo de ficha:** Proxectos en consorcio (cooperación territorial europea).
- **Título da convocatoria:** INTERREG España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. O nome exacto da convocatoria varía por convocatoria, polos seus termos específicos.
- **Programa / Organismo convocante:** Programa INTERREG España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, cofinanciado polo FEDER.
- **Ámbito xeográfico:** Cooperación transfronteiriza ao longo da fronteira España-Portugal. É especialmente relevante a Área de Cooperación Galicia / Norte de Portugal, dentro das áreas definidas polo programa.
- **Obxecto da axuda:** Promover o desenvolvemento e a cooperación transfronteiriza no espazo España-Portugal, afrontando retos clave do territorio mediante proxectos con valor engadido de cooperación e enfoque en prioridades e obxectivos do programa.
- **Tipo de instrumento:** Subvención a fondo perdido (cofinanciamento FEDER).
- **Intensidade e contía:** Dotación do programa: 475 M€ totais, dos que 356 M€ proceden do FEDER.
- **Intensidade por proxecto/beneficiario:** Non dispoñible (depende de cada convocatoria e do réxime aplicable).
- **Beneficiarios / Perfil de participantes:** Poden participar, entre outros: universidades e entidades de ensino superior; centros tecnolóxicos e de investigación; administracións públicas e axencias de desenvolvemento; cámaras de comercio e empresas (incluíndo agrupacións e asociacións empresariais); e entidades da sociedade civil, entre outros perfís admitidos polo programa.
- **Requisitos de consorcio:**

- Enfoque transfronteirizo: participación de entidades de España e Portugal.
  - Estrutura e mínimos concretos: Non dispoñible (defínese en cada convocatoria).
  - Recomendación práctica: distribuír responsabilidades e gastos comúns de forma clara (ver observacións de xustificación e control nas bases).
- **Actividades e gastos financiáveis:** O programa aplica categorías de gasto e regras de elegibilidade específicas. Entre outras cuestións: o gasto debe estar ligado ás accións aprobadas, ser necesario, eficiente, verificable e cumprir as obrigas de publicidade/transparencia e, cando proceda, contratación pública.
  - **Limitacións operativas importantes:** non se permite autofacturación nin contratación con entidades vinculadas salvo excepcións reguladas; tampouco “contratación entre beneficiarios/socios” para executar servizos/actividades do proxecto; e o gasto non pode estar financiado por outros fondos UE para os mesmos custos.
  - **Duración dos proxectos:** Defínese en cada convocatoria.
  - **Criterios de avaliación principais:** Defínense en cada convocatoria, aínda que adoitan pivotar sobre valor engadido transfronteirizo, coherencia técnica, impacto e capacidade do partenariado.
  - **Prazo de solicitude:** Variable; debe consultarse no apartado oficial de convocatorias abertas/pechadas do POCTEP 2021-2027 [\[81\]](#).
  - **Compatibilidades / restricións:** Non é posible o dobre financiamento do mesmo custo con fondos europeos.
  - **Resultados esperados:** Proxectos colaborativos transfronteirizos con impacto territorial (innovación, competitividade, servizos, sustentabilidade, cooperación e redes, etc.), segundo prioridades e obxectivos da programación 2021-2027.
  - **Enlace e referencia oficial:** Convocatorias, Programa e Presentación do POCTEP 2021-2027 [\[81\]](#)[\[82\]](#)[\[83\]](#).
  - **Contacto / Apoio local:** Secretaría Conxunta e canles de contacto do POCTEP (información e soporte) dispoñibles na páxina oficial do programa ([candidaturas@poctep.eu](mailto:candidaturas@poctep.eu), [programa@poctep.eu](mailto:programa@poctep.eu)).

### 7.3.2 Horizonte Europa (UE)

A totalidade dos clusters de actividade dispoñibles no programa, sería: Saúde (Clúster 1), Cultura, Creatividade e Sociedade Inclusiva (Clúster 2), Seguridade Civil (Clúster 3), Mundo Dixital, Industria e Espazo (Clúster 4), Clima, Enerxía e Mobilidade (Clúster 5) e Alimentación, Bioeconomía, Recursos Naturais, Agricultura e Medio Ambiente (Clúster 6).

Neste caso, centrarémonos no Clúster 3 do Programa pola afinidade coa Ciberseguridade.

- **Tipo de ficha:** Proxectos en consorcio (programa europeo de I+D+i).
- **Título da convocatoria:** Horizonte Europa (Horizon Europe) – Cluster 3: Civil Security for Society. O nome exacto das convocatorias varía segundo o tópico definido nos Programas de Traballo vixentes.
- **Programa / Organismo convocante:** Programa Horizonte Europa (2021–2027), programa marco da Unión Europea para investigación e innovación, xestionado pola Comisión Europea a través das súas axencias executivas.
- **Ámbito xeográfico:** Unión Europea e países asociados a Horizonte Europa. Requírese cooperación transnacional entre entidades de distintos países.
- **Obxecto da axuda:** Apoiar proxectos colaborativos de investigación e innovación orientados a reforzar a seguridade da sociedade europea, incluíndo a prevención e resposta fronte ao cibercrime, a protección de infraestruturas críticas e servizos esenciais, e o incremento da resiliencia fronte a ameazas físicas e dixitais.
- **Tipo de instrumento:** Subvención a fondo perdido, principalmente baixo modalidades de:
  - Accións de Investigación e Innovación (RIA).
  - Accións de Innovación (IA).
  - Accións de Coordinación e Apoio (CSA), segundo o tópico.
- **Intensidade e contía:**
  - Investigación (RIA): ata o 100 % dos custos subvencionables.
  - Innovación (IA): ata o 70 % dos custos subvencionables (100 % para entidades sen ánimo de lucro).

Os orzamentos por proxecto adoitan situarse en varios millóns de euros, dependendo do topic.

- **Intensidade por proxecto/beneficiario:** Non dispoñible de forma fixa. Depende do topic, do tipo de acción e do rol de cada entidade no consorcio.
- **Beneficiarios / Perfil de participantes:** Empresas (PeMEs e grandes), universidades, centros tecnolóxicos e de investigación, administracións públicas, organismos de seguridade e protección civil, e outras entidades relevantes do ecosistema europeo de I+D+i.
- **Requisitos de consorcio:**
  - Enfoque transnacional: participación mínima de tres entidades independentes de tres países distintos.
  - Estrutura e mínimos concretos: defínense en cada topic dos Programas de Traballo.
  - Recomendación práctica: consorcios equilibrados que combinen capacidades industriais, tecnolóxicas e de usuario final, con clara distribución de roles e responsabilidades.
- **Actividades e gastos financiáveis:** Custos de persoal, equipamento, viaxes, subcontratación, desenvolvemento de prototipos, probas piloto, demostradores, actividades de validación, xestión e coordinación do proxecto, así como custos indirectos segundo o modelo estándar do programa.
- **Limitacións operativas importantes:** Aplicación estrita das normas de participación e elixibilidade de Horizonte Europa; prohibición de dobre financiamento do mesmo custo con outros fondos europeos; cumprimento das regras de axudas de Estado cando proceda; e obrigas específicas en materia de ética, seguridade e protección de datos, especialmente en proxectos de ciberseguridade.
- **Duración dos proxectos:** Habitualmente entre 24 e 36 meses, aínda que pode variar segundo a convocatoria específica.
- **Criterios de avaliación principais:** Excelencia científica e técnica; impacto esperado a nivel europeo (impacto societal, económico, industrial e en políticas públicas); e calidade e eficiencia da implementación do proxecto e do consorcio.

- **Prazo de solicitude:** Variable segundo o tópicos e o Programa de Traballo correspondente. As convocatorias publícanse con datas límite anuais ou plurianuais.
- **Compatibilidades / restricións:** Non é posible o dobre financiamento dos mesmos custos con outros instrumentos europeos. Debe asegurarse a coherencia con outras axudas públicas recibidas.
- **Resultados esperados:** (clúster 3) Desenvolvemento de capacidades avanzadas en seguridade e ciberseguridade, mellora da resiliencia das infraestruturas e servizos europeos, fortalecemento da cooperación transnacional e posicionamento das entidades participantes nas cadeas de valor estratéxicas da UE.
- **Enlace e referencia oficial:** Información oficial de Horizonte Europa e do Cluster 3 dispoñible nos portais institucionais da Comisión Europea e nas páxinas dos Programas de Traballo correspondentes [\[84\]](#)[\[85\]](#).
- **Contacto / Apoio local:** Puntos Nacionais de Contacto (NCP) de Horizonte Europa e oficinas de apoio á participación europea a nivel estatal (CDTI).

### 7.3.3 Programa Europa Dixital (UE)

- **Tipo de ficha:** Proxectos en consorcio (despregamento e adopción de capacidades dixitais estratéxicas).
- **Título da convocatoria:** Digital Europe Programme (DIGITAL). O nome exacto da convocatoria varía segundo o Programa de traballo e o tópicos específico publicado en cada chamada.
- **Programa / Organismo convocante:** Programa Europa Dixital (Digital Europe Programme), financiado polo orzamento da Unión Europea e xestionado pola Comisión Europea (a través do Portal Funding & Tenders).
- **Ámbito xeográfico:** Unión Europea. Convocatorias de alcance europeo, con participación de entidades de distintos Estados membros. En determinados tópicos promóvese explicitamente a dimensión transfronteiriza e a creación de capacidades compartidas a nivel europeo.
- **Obxecto da axuda:** Despregamento, adopción e escalado de capacidades dixitais estratéxicas en Europa, promovendo o uso efectivo de tecnoloxías maduras en ámbitos clave como IA, datos e cloud, cuántica e ciberseguridade, co

obxectivo de reforzar a soberanía tecnolóxica, a resiliencia e a competitividade europea.

- **Tipo de instrumento:** Subvención a fondo perdido (cofinanciamento UE).
- **Intensidade e contía:** Dotación total do programa 2021–2027: aproximadamente 7.500 M€. A contía asignada a cada convocatoria varía segundo o Programa de traballo anual ou plurianual.
- **Intensidade por proxecto/beneficiario:** Variable segundo convocatoria e topic. Habitualmente trátase de cofinanciamento parcial (frecuentemente arredor do 50 %, podendo variar segundo o tipo de entidade e actuación).
- **Beneficiarios / Perfil de participantes:** Poden participar, entre outros: administracións públicas e organismos do sector público; operadores de servizos esenciais e infraestruturas críticas; centros tecnolóxicos e de investigación aplicada; universidades; empresas (incluíndo PeMEs e grandes empresas); clusters, asociacións empresariais e entidades de coordinación sectorial; e provedores de solucións dixitais e de ciberseguridade.
- **Requisitos de consorcio:**
  - Enfoque europeo: participación de entidades de varios Estados membros da UE.
  - Estrutura e mínimos concretos: defínense en cada convocatoria (topic).
  - Recomendación práctica: consorcios con forte presenza de actores operativos e usuarios finais, garantindo a adopción real e a sustentabilidade das capacidades despregadas.
- **Actividades e gastos financiáveis:** Actividades de despregamento e posta en operación de capacidades dixitais maduras, incluíndo plataformas, infraestruturas, servizos compartidos, capacitación avanzada e accións de adopción. Os gastos deben ser necesarios, directamente ligados ás accións aprobadas, verificables e conformes ás normas de flexibilidade, contratación pública e publicidade da UE.
- **Limitacións operativas importantes:** Non se permite o dobre financiamento do mesmo custo con outros fondos da UE; aplican restricións en materia de contratación entre socios, entidades vinculadas e autofacturación, conforme ás normas específicas de cada convocatoria e ao regulamento financeiro europeo.

- **Duración dos proxectos:** Defínese en cada convocatoria; adoita situarse entre 24 e 48 meses, segundo o alcance do despregamento.
- **Criterios de avaliación principais:** Defínense en cada topic, aínda que adoitan pivotar sobre relevancia estratéxica europea, madurez e viabilidade técnica, impacto operativo e adopción real, sustentabilidade das capacidades creadas e calidade do consorcio.
- **Prazo de solicitude:** Variable; debe consultarse no Portal Funding & Tenders para cada convocatoria específica do Programa Europa Dixital.
- **Compatibilidades / restricións:** Incompatible co dobre financiamento do mesmo custo con outros instrumentos europeos. Compatible, a nivel estratéxico, con proxectos previos de I+D (por exemplo, Horizonte Europa), sempre que non exista solapamento de gastos.
- **Resultados esperados:** no eido da ciberseguridade, capacidades dixitais e de ciberseguridade despregadas e operativas a escala europea (p.ex. SOC's, hubs de ciberseguridade, plataformas de threat intelligence, capacidades de resposta a incidentes e programas de formación avanzada), con impacto directo na resiliencia e na confianza dixital.
- **Enlace e referencia oficial:** Programa Europa Dixital, FAQs e resumo das convocatorias [\[86\]](#)[\[87\]](#)[\[88\]](#). Adicionalmente, no Portal Funding & Tenders e na web da estratexia dixital da Comisión Europea.
- **Contacto / Apoio local:** Portal Funding & Tenders (servizo de soporte da Comisión Europea) e puntos nacionais de contacto (NCP) para o Programa Europa Dixital (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo).

#### 7.3.4 European Innovation Council (EIC)

- **Tipo de ficha:** Proxectos individuais e en consorcio (innovación disruptiva e deep tech, da investigación ao mercado).
- **Título da convocatoria:** European Innovation Council (EIC). O nome exacto da convocatoria varía segundo a modalidade específica (Pathfinder, Transition, Accelerator, etc.) e o tópico asociado.
- **Programa / Organismo convocante:** European Innovation Council, instrumento da Unión Europea integrado en Horizonte Europa e xestionado pola Comisión Europea a través do Portal Funding & Tenders.

- **Ámbito xeográfico:** Unión Europea e países asociados a Horizonte Europa. Convocatorias de alcance europeo, con forte orientación a mercado e impacto global.
- **Obxecto da axuda:** Impulsar innovacións disruptivas e tecnoloxías deep tech con alto risco e alto potencial, apoiando todo o ciclo de innovación: desde a investigación visionaria ata a validación, industrialización e escalado comercial.
- **Tipo de instrumento:** varias modalidades.
  - Subvención a fondo perdido.
  - Subvención combinada con investimento en capital.
  - Apoio financeiro e non financeiro (coaching, mentorización, acceso a investidores e mercado).
- **Modalidades principais:**
  - EIC Pathfinder: investigación exploratoria e visionaria, baseada en ciencia ou tecnoloxía radicalmente nova.
  - EIC Transition: maduración tecnolóxica e validación de resultados procedentes de proxectos previos (Pathfinder, FET ou equivalentes).
  - EIC Accelerator: apoio á chegada ao mercado e escalado de startups e pemes deep tech, mediante subvención, equity ou combinación de ambos.
  - EIC Pre-Accelerator: apoio temperán para reforzar a preparación de startups e pemes antes de acceder ao Accelerator (dispoñibilidade segundo Programa de Traballo).
  - STEP Scale Up: apoio ao escalado de empresas estratéxicas europeas con alto potencial de crecemento e impacto.
  - Advanced Innovation Challenges (piloto): retos específicos orientados a innovación avanzada en áreas estratéxicas definidas pola UE.
- **TRLs típicos:**
  - Pathfinder: TRL 1–4.
  - Transition: TRL 4–6.
  - Accelerator / STEP Scale Up: TRL 6–9.
- **Beneficiarios / Perfil de participantes:**
  - Startups e pemes deep tech (especialmente no Accelerator).

- Spin-offs universitarias e tecnolóxicas.
- Consorcios reducidos de universidades, centros de investigación e empresas (principalmente Pathfinder e Transition).
- **Requisitos de consorcio:**
  - Pathfinder: consorcios internacionais (habitualmente  $\geq 3$  entidades de diferentes países).
  - Transition: proxectos individuais ou pequenos consorcios.
  - Accelerator / STEP: proxectos individuais (startup ou PeME).
  - Recomendación práctica: alinear claramente o grao de madurez tecnolóxica coa modalidade escollida para evitar desaxustes de avaliación.
- **Actividades e gastos financiáveis:** Investigación e desenvolvemento tecnolóxico, validación técnica e de mercado, prototipado, pilotos, preparación regulatoria, escalado industrial e comercialización, segundo a modalidade. Os gastos deben cumprir as regras de exlexibilidade.
- **Limitacións operativas importantes:** Forte selectividade e competencia; avaliación esixente en termos de innovación disruptiva, risco tecnolóxico e potencial de mercado. No Accelerator, existen condicións específicas para o investimento en equity a través do EIC Fund.
- **Duración dos proxectos:**
  - Pathfinder: habitualmente 36–48 meses.
  - Transition: arredor de 24–36 meses.
  - Accelerator: variable segundo plan de negocio e fase de escalado.
- **Criterios de avaliación principais:** Excelencia científica/tecnolóxica, grao de disrupción, impacto potencial (mercado e sociedade), viabilidade e capacidade do equipo/promotor.
- **Prazo de solicitude:** Variable segundo modalidade; algunhas convocatorias teñen cortes periódicos ao longo do ano (especialmente o Accelerator).
- **Compatibilidades / restricións:** Non se permite o dobre financiamento do mesmo custo con outros fondos UE. Compatible, a nivel estratéxico, con proxectos previos do programa europeo ou programas nacionais, sempre que non exista solapamento de gastos.

- **Resultados esperados:** Xeración de tecnoloxías disruptivas, creación e consolidación de startups deep tech, chegada ao mercado de solucións innovadoras e reforzo da autonomía tecnolóxica europea.
- **Enlace e referencia oficial:** European Innovation Council e programas de investimento específicos [\[89\]](#)[\[90\]](#).
- **Contacto / Apoio local:** Portal Funding & Tenders (Comisión Europea) e puntos nacionais de contacto (NCP) de Horizonte Europa / EIC (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo).

### 7.3.5 Connecting Europe Facility (CEF)

- **Tipo de ficha:** Proxectos en consorcio (despregamento de infraestruturas europeas a gran escala).
- **Título da convocatoria:** Connecting Europe Facility (CEF). O nome exacto da convocatoria varía segundo o sector (Digital, Enerxía ou Transporte) e a chamada ou o tópico específico publicado en cada caso.
- **Programa / Organismo convocante:** Connecting Europe Facility, programa da Unión Europea xestionado pola Comisión Europea, con execución delegada principalmente na European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency (CINEA) e, no ámbito dixital, tamén na European Health and Digital Executive Agency (HaDEA).
- **Ámbito xeográfico:** Unión Europea e países asociados. Proxectos de alcance paneuropeo, orientados á interconexión e cohesión territorial mediante infraestruturas estratéxicas.
- **Obxecto da axuda:** Apoiar o despregamento e modernización de infraestruturas europeas estratéxicas nos ámbitos do transporte, a enerxía e o dixital, reforzando a conectividade, a resiliencia, a sustentabilidade e o funcionamento do mercado interior da UE.
- **Tipo de instrumento:** Subvención a fondo perdido (cofinanciamento UE).
- **Intensidade e contía:** Dotación global elevada (miles de millóns de euros no período 2021–2027), distribuída por sectores. A contía e intensidade exactas dependen de cada convocatoria e tipo de proxecto.

- **Intensidade por proxecto/beneficiario:** Variable segundo convocatoria e sector. Habitualmente cofinanciamento parcial, con porcentaxes que poden oscilar segundo o tipo de infraestrutura, o carácter transfronteirizo e o interese europeo do proxecto.
- **Beneficiarios / Perfil de participantes:**
  - Administracións públicas e autoridades nacionais, rexionais ou locais.
  - Operadores de infraestruturas e servizos (telecomunicacións, enerxía, transporte).
  - Empresas e consorcios industriais con capacidade de despregamento a gran escala.
  - Entidades públicas ou privadas responsables da xestión de infraestruturas críticas.
- **Requisitos de consorcio:**
  - Enfoque paneuropeo: participación de entidades de varios Estados membros cando o proxecto ten carácter transfronteirizo.
  - Estrutura e mínimos concretos: definidos en cada convocatoria sectorial.
  - Recomendación práctica: asegurar a implicación directa de operadores e autoridades competentes para garantir execución efectiva e sustentabilidade da infraestrutura.
- **Actividades e gastos financiáveis:** Actividades de despregamento, construción, actualización e posta en servizo de infraestruturas. No ámbito dixital (CEF Digital): redes de conectividade de alta capacidade, infraestruturas dixitais seguras e capacidades habilitadoras. Os gastos deben cumprir as normas de elegibilidade, contratación pública e publicidade da UE.
- **Limitacións operativas importantes:** Non se permite o dobre financiamento do mesmo custo con outros fondos UE. Aplican regras estritas de contratación pública, axudas de Estado e control financeiro, especialmente en proxectos de gran envergadura.
- **Duración dos proxectos:** Defínese en cada convocatoria; adoita ser plurianual, acorde coa complexidade e escala das infraestruturas financiadas.
- **Criterios de avaliación principais:** Relevancia para os obxectivos europeos, impacto paneuropeo, madurez técnica, viabilidade financeira, capacidade do

promotor/consorcio e contribución á conectividade, resiliencia e sustentabilidade.

- **Prazo de solicitude:** Variable; debe consultarse en cada convocatoria específica publicada polos organismos executores (CINEA ou HaDEA).
- **Compatibilidades / restricións:** Incompatible co dobre financiamento do mesmo custo con outros instrumentos europeos. Pode complementarse con outros programas UE a nivel estratéxico, sempre que non exista solapamento de gastos.
- **Resultados esperados:** Infraestruturas europeas despregadas ou modernizadas (transportes, enerxía e dixital), mellora da conectividade e da resiliencia das redes, reforzo do mercado interior e da autonomía estratéxica da UE.
- **Enlace e referencia oficial:** Sitio oficial de CINEA, HaDEA, e propostas abertas [\[91\]\[92\]\[93\]\[94\]](#).
- **Contacto / Apoio local:** Axencias executoras da Comisión Europea (CINEA e HaDEA) a través dos seus portais oficiais, así como os puntos nacionais de contacto e autoridades sectoriais competentes (Ministerio de Transportes e Movilidade Sostible, Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico).

### 7.3.6 European Defence Fund (EDF)

- **Tipo de ficha:** Proxectos en consorcio (investigación e desenvolvemento de capacidades de defensa).
- **Título da convocatoria:** European Defence Fund (EDF).
- **Programa / Organismo convocante:** European Defence Fund, programa da Unión Europea xestionado pola Comisión Europea a través da Dirección Xeral de Industria de Defensa e Espazo (DG DEFIS).
- **Ámbito xeográfico:** Unión Europea. Participación restrinxida a entidades establecidas en Estados membros da UE (e países asociados cando proceda), con requisitos estritos de soberanía, seguridade e control.
- **Obxecto da axuda:** Apoiar a investigación e o desenvolvemento colaborativo de capacidades de defensa europeas, reforzando a autonomía estratéxica da UE.

Pode incluír tecnoloxías de uso dual civil-militar, sempre que cumpran os requisitos específicos de defensa e seguridade establecidos nas bases.

- **Tipo de instrumento:** Subvención a fondo perdido (cofinanciamento UE).
- **Intensidade e contía:** Dotación global definida no marco financeiro plurianual da UE e detallada nos Work Programmes anuais do EDF. A contía por convocatoria varía segundo o tópico e a fase (investigación ou desenvolvemento).
- **Intensidade por proxecto/beneficiario:** Variable segundo convocatoria e tópico. A intensidade depende da fase do proxecto (I+D), do tipo de actividade e das regras específicas aplicables a cada acción.
- **Beneficiarios / Perfil de participantes:**
  - Empresas industriais do sector defensa e tecnoloxías asociadas.
  - PEmEs e mid-caps europeas con capacidades relevantes.
  - Centros tecnolóxicos e organismos de investigación (especialmente en fases de investigación).

Todos os participantes deben cumprir requisitos estritos de control da propiedade, localización e independencia de terceiros países non autorizados.

- **Requisitos de consorcio:**
  - Enfoque europeo: consorcios formados por entidades de varios Estados membros da UE.
  - Estrutura e mínimos concretos: definidos en cada topic do Work Programme.
  - Recomendación práctica: asegurar desde o inicio o cumprimento de requisitos de seguridade, propiedade intelectual, cadea de subministración e control de exportacións.
- **Actividades e gastos financiáveis:** Actividades de investigación aplicada e desenvolvemento experimental en defensa, incluíndo sistemas autónomos, sensores, electrónica avanzada, comunicacións seguras, software crítico e ciberdefensa. Os gastos deben cumprir as normas de elixibilidade, seguridade e control financeiro do EDF.
- **Limitacións operativas importantes:** Forte marco de compliance en materia de defensa e seguridade; restricións estritas en subcontratación, transferencia

de resultados, participación de entidades vinculadas a terceiros países e prohibición de dobre financiamento do mesmo custo con outros fondos UE.

- **Duración dos proxectos:** Defínese en cada convocatoria; adoita ser plurianual, acorde á complexidade técnica e ao nivel de madurez dos desenvolvementos.
- **Criterios de avaliación principais:** Relevancia estratéxica para as prioridades de defensa da UE, excelencia técnica, impacto en capacidades europeas, viabilidade e calidade do consorcio.
- **Prazo de solicitude:** Variable; debe consultarse en cada convocatoria específica publicada no Portal Funding & Tenders no marco do EDF.
- **Compatibilidades / restricións:** Incompatible co dobre financiamento do mesmo custo con outros programas UE. Compatibilidade limitada con outros instrumentos europeos, suxeita a análise caso a caso.
- **Resultados esperados:** Desenvolvemento de capacidades de defensa europeas maduras, reforzo da base tecnolóxica e industrial de defensa e mellora da autonomía e resiliencia estratéxica da UE.
- **Enlace e referencia oficial:** European Defence Fund – Comisión Europea (DG DEFIS). Sitio oficial e Programa de Traballo para 2026 [\[95\]\[96\]](#).
- **Contacto / Apoio local:** Dirección Xeral de Industria de Defensa e Espazo (DG DEFIS) e puntos nacionais de contacto (NCP) do EDF (como a Dirección Xeral de Estratexia e Innovación da Industria de Defensa, ou EUROPE DIRECT).

### 7.3.7 EU Space Programme (EUSPA/Space)

- **Tipo de ficha:** Proxectos en consorcio e proxectos individuais (tecnoloxías espaciais e aplicacións downstream).
Nos instrumentos de **despregamento, adopción tecnolóxica e creación de capacidades operativas**, a selección de socios debe priorizar entidades con capacidade real de implementación. As empresas, os operadores de servizos e as administracións públicas adquiren aquí un papel central, mentres que centros tecnolóxicos e hubs de innovación actúan como apoio técnico e facilitadores da transición cara á operación.

Cando o foco se sitúa no **escalado, crecemento e expansión no mercado**, resulta clave incorporar perfís con experiencia empresarial e financeira. Nestes contextos, a presenza de investidores ou actores financeiros, aínda que non sempre formal no consorcio, contribúe a asegurar a sustentabilidade económica e a planificación a medio prazo. Estes instrumentos requiren partenariados máis reducidos, cunha estrutura clara e unha gobernanza orientada a resultados.

De maneira transversal, os clústeres sectoriais e as entidades de intermediación poden desempeñar un papel relevante na identificación de socios complementarios, na

articulación do ecosistema e na difusión de resultados, especialmente en proxectos con vocación de impacto territorial ou sectorial amplo.

En todos os casos, resulta fundamental que a selección de socios responda a **criterios de complementariedade real**, evitando duplicidades de capacidades e asegurando que cada participante achega un valor claro e recoñecible. A coherencia entre o perfil do socio, o rol asignado e os obxectivos do proxecto é un dos elementos máis valorados nos procesos de avaliación e un determinante clave da eficacia do partenariado ao longo do tempo.

#### 9.1.4 Boas prácticas na construción de partenariados

É pertinente reservar un espazo para esta cuestión, que foi tratada superficialmente de maneira previa.

A construción dun partenariado sólido e equilibrado require unha aproximación estratéxica que vai máis aló do cumprimento formal dos requisitos das convocatorias. A experiencia acumulada nos distintos programas de financiamento mostra que os proxectos máis exitosos adoitan compartir unha serie de **boas prácticas comúns**, relacionadas coa definición de roles, a gobernanza e a implicación real dos socios.

1. Un primeiro aspecto clave é a **claridade na definición de roles e responsabilidades**. Cada socio debe ter asignadas tarefas coherentes coas súas capacidades e coa súa actividade habitual, evitando solapamentos ou participacións residuais. Esta claridade facilita a execución do proxecto, mellora a coordinación interna e reforza a percepción de coherencia por parte dos avaliadores.
2. Igualmente relevante é a **coherencia entre o partenariado e os obxectivos do proxecto**. A composición do consorcio debe responder ás necesidades reais da iniciativa e non a criterios alleos ao seu contido. Un bo partenariado combina capacidades técnicas, coñecemento do mercado, acceso a usuarios finais e visión estratéxica, garantindo que todos os elementos necesarios están presentes desde o inicio.
3. A **implicación efectiva dos socios clave** constitúe outro factor determinante. Os proxectos máis robustos contan con socios que participan activamente na definición, execución e toma de decisións, máis aló dunha presenza formal. Esta implicación reflíctese tanto na

calidade dos resultados como na capacidade de resolver incidencias e adaptarse a cambios ao longo da execución.

4. Resulta tamén fundamental establecer unha **gobernanza clara e mecanismos de coordinación eficaces**. A definición de estruturas de toma de decisións, canles de comunicación e procedementos de seguimento permite anticipar problemas, xestionar expectativas e garantir o cumprimento de prazos e obxectivos.
5. Outro elemento crítico é a **planificación anticipada da explotación e continuidade dos resultados**. Definir desde as fases iniciais como se van utilizar, transferir ou comercializar os resultados contribúe a orientar o traballo técnico e a asegurar un impacto sostible máis aló da duración do proxecto. Este aspecto é especialmente relevante en programas que priorizan o impacto económico e social.
6. Por último, resulta recomendable iniciar a construción do partenariado con **antelación suficiente á publicación das convocatorias**, permitindo madurar a idea do proxecto, aliñar intereses e definir unha proposta sólida. Os partenariados construídos con tempo e baseados en relacións de confianza adoitan mostrar unha maior eficacia e resiliencia ao longo de todo o ciclo de vida do proxecto.

#### 9.1.5 Instrumento a seleccionar segundo a situación

Os instrumentos de apoio á cooperación, á innovación e ao investimento recollidos neste informe responden a **lóxicas complementarias**, tanto en termos de ámbito xeográfico como de fase do proxecto. A elección da opción máis axeitada depende fundamentalmente do **grao de madurez da iniciativa**, do **perfil das entidades implicadas** e do **nivel de ambición territorial, estatal ou europea** que se queira acadar.

Cando o obxectivo principal é **iniciar actividades de investigación, exploración tecnolóxica ou desenvolvemento temperán**, especialmente no caso de pemes, centros tecnolóxicos ou grupos de investigación, adoita ser recomendable recorrer en primeiro lugar a **instrumentos de ámbito rexional e estatal**. No contexto galego, este tipo de situacións adoitan encaixar nas **axudas autonómicas á I+D+i promovidas pola Xunta de Galicia (GAIN/IGAPE...)**, orientadas á xeración de coñecemento, á colaboración empresa-I+D ou á preparación de proxectos. A nivel estatal, programas de apoio á investigación e ao desenvolvemento tecnolóxico permiten consolidar equipos,

validar ideas iniciais e reducir incertezas antes de dar o salto a instrumentos máis competitivos.

A medida que os proxectos avanza cara a fases de **innovación aplicada, validación e demostración**, resulta habitual combinar ou transitar cara a instrumentos de maior alcance. Neste punto, seguen sendo relevantes determinadas **axudas estatais á innovación empresarial**, ao tempo que comezan a cobrar protagonismo programas europeos como **Horizonte Europa**, especialmente nos seus clústeres temáticos, ou o **European Innovation Council** a través do **EIC Pathfinder** e do **EIC Transition**. Estes instrumentos permiten ampliar o partenariado, incrementar o nivel de ambición tecnolóxica e posicionar as iniciativas en cadeas de valor europeas.

Cando o foco do proxecto se sitúa na **demostración en contornos reais, na adopción tecnolóxica ou no despregamento de capacidades operativas**, a lóxica de financiamento volve evolucionar. A nivel estatal e autonómico existen programas orientados á dixitalización, á modernización de servizos e á implantación de tecnoloxías en sectores estratéxicos. A nivel europeo, destacan instrumentos especificamente deseñados para este fin, como o **Programa Europa Dixital**, o **Connecting Europe Facility** ou determinadas liñas do **EU Space Programme**, que apoian o despregamento a gran escala, a creación de plataformas compartidas e a adopción efectiva de solucións maduras.

En ámbitos específicos ligados á seguridade e á defensa, e sempre que se cumpran os requisitos correspondentes, tamén pode resultar pertinente recorrer ao **European Defence Fund**, orientado á investigación e desenvolvemento colaborativo de capacidades estratéxicas.

Cando os proxectos alcanzan un nivel elevado de madurez e o obxectivo pasa a ser o **escalado, a industrialización ou a expansión no mercado**, o peso das subvencións redúcese e gañan relevancia os **instrumentos financeiros**. Neste contexto sitúanse opcións como o **EIC Accelerator**, que combina subvención e financiamento, así como mecanismos de investimento e préstamo promovidos por **InvestEU Programme** e polo **Banco Europeo de Investimentos**, orientados a iniciativas con modelo de negocio definido e capacidade de retorno.

De maneira transversal, aparte de especificidades como selos certificadores ou deducións fiscais, moitas das estratexias máis eficaces constrúense mediante **itinerarios progresivos**, nos que se combinan **axudas rexionais, estatais e europeas** ao longo do tempo. Esta aproximación permite reducir riscos, consolidar capacidades,

adaptar o partenariado á evolución do proxecto e maximizar o impacto e a sustentabilidade das iniciativas no contexto do ecosistema galego.

## 10 Conclusións

---

O presente informe ofrece unha **visión estruturada e integrada das principais oportunidades de cooperación, financiamento e investimento** dispoñibles para as

---

entidades do ámbito industrial e tecnolóxico, con foco inicial no contexto galego. Ao longo do documento preséntase unha análise dos instrumentos rexionais, estatais e europeos máis relevantes, complementada cunha aproximación práctica que facilita a súa comprensión, comparación e utilización estratéxica.

Desde a perspectiva das organizacións lectoras, o informe permite extraer varias **ensinanzas clave**.

En primeiro lugar, que o acceso a axudas e programas non debe entenderse como unha decisión puntual ou illada, senón como parte dun **itinerario progresivo**, no que a madurez do proxecto, o perfil da entidade e a composición do partenariado evolucionan co tempo.

En segundo lugar, que a correcta selección de socios e instrumentos resulta determinante para maximizar o impacto das iniciativas, sendo fundamental aliñar capacidades, obxectivos e expectativas desde fases temperás.

Para o tecido industrial galego, o informe pon de manifesto o **valor do ecosistema autonómico como punto de partida natural**. Para aquelas entidades sen experiencia previa neste tipo de programas, recoméndase unha aproximación gradual, focalizada inicialmente nas **grandes oportunidades asociadas ao ecosistema galego**, como as promovidas polos organismos de apoio á innovación e ao desenvolvemento empresarial (GAIN, IGAPE...), antes de abordar instrumentos estatais ou europeos de maior complexidade. Esta progresión permite adquirir experiencia, reducir riscos e consolidar capacidades internas.

Neste sentido, resulta especialmente relevante estar atentos ás **novidades que se produzan no marco da Estratexia de Innovación Empresarial** anunciada polo presidente da Xunta de Galicia a finais de 2025, xa que previsiblemente articulará novas prioridades, instrumentos e liñas de apoio orientadas a reforzar a competitividade e a innovación do tecido produtivo galego.

Cómpre lembrar, finalmente, que a información recollida neste informe ten un **carácter orientativo**. A súa elaboración está suxeita a posibles erros humanos, imprecisións ou cambios derivados da evolución das políticas públicas e das programacións anuais. En ningún caso substitúe á información oficial nin ás bases reguladoras das diferentes convocatorias, que deben ser sempre a referencia última.

Por todo o anterior, recoméndase que as entidades interesadas **complementen esta información co apoio de organizacións especializadas** en cooperación,

financiamento e xestión de axudas, co fin de interpretar correctamente as oportunidades, seleccionar os instrumentos máis axeitados e maximizar as probabilidades de éxito das súas iniciativas. O informe pretende, así, actuar como unha guía estratéxica de referencia que apoie a toma de decisións, pero sempre integrada nun proceso máis amplo de análise, planificación e acompañamento experto.

## Bibliografía

---

[1] Xunta de Galicia – AMTEGA (2020). *Estratexia Galicia Dixital 2030*. Recuperado de <https://amtega.xunta.gal/estratexia-galicia-dixital-2030>

- [2] Xunta de Galicia (2015). *Axenda de Competitividade Industria 4.0 de Galicia*. Recuperado de <https://igape.gal/images/01-pemes-autonomos/Agenda4.0.pdf>
- [3] Ministerio de Ciencia e Innovación (2021). *Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021–2027*. Recuperado de <https://www.ciencia.gob.es/Estrategias-y-Planes/Planes-y-programas/PEICTI.html>
- [4] Xunta de Galicia (n.d.). *Galicia Industria 4.0*. Recuperado de <https://galiciaindustria40.gal/web/es>
- [5] Xunta de Galicia (n.d.). *Diario Oficial de Galicia (DOG)*. Recuperado de <https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
- [6] Axencia Estatal Boletín Oficial do Estado (n.d.). *Boletín Oficial do Estado (BOE)*. Recuperado de <https://www.boe.es>
- [7] Unión Europea (n.d.). *Diario Oficial da Unión Europea (DOUE)*. Recuperado de <https://eur-lex.europa.eu/oj/direct-access.html>
- [8] Comisión Europea (n.d.). *Funding & Tenders Portal*. Recuperado de <https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/portal>
- [9] Ciberseguridade Galicia - AMTEGA (2026). Portal oficial de ciberseguridade de Galicia. Recuperado de <https://ciberseguridadegalicia.gal/gl>
- [10] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (n.d.). *Portal institucional da Axencia Galega de Innovación*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal>
- [11] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (2025). *Mapa de Apoios á I+D+i en Galicia (versión 2025)*. Recuperado de [http://gain.xunta.gal/repo/8-MapaApoios\\_15122025.pdf](http://gain.xunta.gal/repo/8-MapaApoios_15122025.pdf)
- [12] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (n.d.). *Axudas á I+D+i*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/203/axudas>
- [13] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (n.d.). *Iniciativas do Sistema Galego de Innovación*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/205/iniciativas>
- [14] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (n.d.). *Contratación Pública Innovadora (CPI)*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/61/contratacion+publica+innovacion+cpi>

[15] Xunta de Galicia – Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) (1992). *Portal Institucional*. Recuperado de <https://igape.gal/es/>

[15-b] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (2025). *Programa Ignicia (proba de concepto)*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/565/ignicia+prueba+concepto>

[16] Xunta de Galicia – Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) (n.d.). *Galicia Industria 4.0*. Recuperado de <https://galiciaindustria40.gal/web/es/node/54>

[17] Xunta de Galicia. (n.d.). *Procedemento IN855A: Detalle do procedemento na sede electrónica da Xunta de Galicia*. Recuperado de <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN855A>

[18] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (2026). *Infoday convocatorias CL4: Industria e Dixital*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/eventos/674/infoday+convocatorias+cl4+industria+dixital>

[19] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (2025). *Plan Galego de Investigación e Innovación 2025–2027*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/562/plan+galego+investigacion+innovacion+2025-2027>

[20] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (2026). *Axudas 2026*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/574/ayudas+2026>

[21] Ministerio de Facenda (2019). *Base de Datos Nacional de Subvencions (BDNS)*. Recuperado de <https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

[22] Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades – Axencia Estatal de Investigación (AEI) (2016). *Portal institucional da AEI*. Recuperado de <https://www.aei.gob.es/>

[23] Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) (1977). *Portal institucional do CDTI*. Recuperado de <https://www.cdti.es/>

[24] Empresa Nacional de Innovación (ENISA) (1982). *Portal institucional de ENISA*. Recuperado de <https://www.enisa.es/>

[25] Boletín Oficial do Estado (2022). *Lei 28/2022, do 21 de decembro, de fomento do ecosistema das empresas emerxentes*. Recuperado de <https://www.boe.es/eli/es/l/2022/12/21/28/con>

[26] Red.es (2002). *Portal institucional de Red.es*. Recuperado de <https://www.red.es/>

[27] Instituto de Crédito Oficial (ICO) (1971). *Portal institucional ICO*. Recuperado de <https://www.ico.es/>

[28] Comisión Europea (2018). *Funding & Tenders Portal*. Recuperado de <https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/portal/screen/home>

[29] Comisión Europea / HaDEA (2021). *European Health and Digital Executive Agency (HaDEA)*. Recuperado de <https://hadea.ec.europa.eu>

[30] Comisión Europea / REA (2007). *Research Executive Agency (REA)*. Recuperado de <https://rea.ec.europa.eu>

[31] Comisión Europea / CINEA (2021). *European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency (CINEA)*. Recuperado de <https://cinea.ec.europa.eu>

[32] Comisión Europea (1975). *Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)*. Recuperado de [https://ec.europa.eu/regional\\_policy/funding/erdf\\_en?etrans=es](https://ec.europa.eu/regional_policy/funding/erdf_en?etrans=es)

[33] Comisión Europea (2021). *European Innovation Council (EIC)*. Recuperado de <https://eic.ec.europa.eu>

[34] European Union Agency for the Space Programme (EUSPA) (2021). *EU Space Programme*. Recuperado de <https://www.euspa.europa.eu>

[35] Comisión Europea (2021). *European Defence Fund (EDF)*. Recuperado de [https://defence-industry-space.ec.europa.eu/eu-defence-industry/european-defence-fund-edf\\_en](https://defence-industry-space.ec.europa.eu/eu-defence-industry/european-defence-fund-edf_en)

[36] European Investment Bank (EIB) (1958). *European Investment Bank*. Recuperado de <https://www.eib.org>

[37] Comisión Europea (2018). *Programa InvestEU*. Recuperado de [https://commission.europa.eu/funding-tenders/find-funding/eu-funding-programmes/investeu\\_en](https://commission.europa.eu/funding-tenders/find-funding/eu-funding-programmes/investeu_en)

[38] Interreg POCTEP (2022). *Programa INTERREG España-Portugal (POCTEP)*. Recuperado de <https://2007-2020.poctep.eu/es>

[39] Comisión Europea (2021). *Horizonte Europa (Horizon Europe)*. Recuperado de [https://research-and-innovation.ec.europa.eu/funding/funding-opportunities/funding-programmes-and-open-calls/horizon-europe\\_en](https://research-and-innovation.ec.europa.eu/funding/funding-opportunities/funding-programmes-and-open-calls/horizon-europe_en)

[40] Comisión Europea (2021). *Programa Europa Dixital (Digital Europe Programme)*. Recuperado de <https://digital-strategy.ec.europa.eu/en/activities/digital-programme>

[41] Comisión Europea (2011). *Connecting Europe Facility (CEF)*. Recuperado de [https://commission.europa.eu/funding-tenders/find-funding/eu-funding-programmes/connecting-europe-facility\\_en](https://commission.europa.eu/funding-tenders/find-funding/eu-funding-programmes/connecting-europe-facility_en)

[42] Comisión Europea / EUSPA (2021). *EU Space Programme – visión xeral*. Recuperado de [https://defence-industry-space.ec.europa.eu/eu-space/eu-space-programme\\_en](https://defence-industry-space.ec.europa.eu/eu-space/eu-space-programme_en)

[43] Xunta de Galicia – Sede electrónica (2025). *IN855A – Programa IGNICIA proba de concepto (procedemento)*. Recuperado de <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN855A>

[44] Ministerio de Industria, Comercio y Turismo (n.d.). *Niveis de madurez da tecnoloxía*. Recuperado de <https://www.mintur.gob.es/publicaciones/publicacionesperiodicas/economiaindustrial/revistaeconomiaindustrial/393/notas.pdf>

[45] Xunta de Galicia (2025). *Resolución do 9 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o programa IGNICIA – Proba de Concepto*. Diario Oficial de Galicia, 28 de abril de 2025. Recuperado de [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250428/AnuncioG0198-090425-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250428/AnuncioG0198-090425-0001_gl.html)

[46] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (2021). *Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/459/estrategia+consolidacion+biotecnologia>

[47] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (n.d.). *Resumo executivo da Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía de Galicia 2021–2025*. Recuperado de [http://gain.xunta.gal/repo/4-ResumenEjecutivo\\_EstrategiaConsolidacionBiotecnologiaGalicia2021-2025.pdf](http://gain.xunta.gal/repo/4-ResumenEjecutivo_EstrategiaConsolidacionBiotecnologiaGalicia2021-2025.pdf)

[48] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (2025). *Programa Oportunius*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/380/programa+oportunius>

[49] European Research Council (ERC) (n.d.). *European Research Council – portal institucional*. Recuperado de <https://erc.europa.eu/homepage>

[50] DIHGIGAL (2019). *Digital Innovation Hub Galicia – portal institucional*. Recuperado de <https://dihgigal.com/es/>

[51] DataLife (2021). *DataLife – Hub de Innovación Dixital en Biotecnoloxía e Ciencias da Vida*. Recuperado de <https://www.dihdatalife.com/>

[52] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (n.d.). *Hubs de Innovación Dixital*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/309/hubs+innovacion+digital>

[53] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (n.d.). *Contratación Pública de Innovación (CPI)*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/61/contratacion+publica+innovacion+cpi>

[54] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (2026). *Axudas 2026*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/574/ayudas+2026>

[55] Xunta de Galicia – Axencia Galega de Innovación (GAIN) (2026). *Doutoramentos industriais*. Recuperado de <http://gain.xunta.gal/artigos/575/doutoramentos+industriais>

[56] Xunta de Galicia – Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) (2026). *Rueda anuncia a primeira Estratexia de Innovación Empresarial de Galicia, coa que a Xunta mobilizará máis de 400 millóns de euros en tres anos*. Recuperado de <https://igape.gal/es/noticias/item/618-rueda-anuncia-la-primera-estrategia-de-innovacion-empresarial-de-galicia-con-la-que-la-xunta-movilizar-mas-de-400-m-en-tres-anos>

[57] Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades – Axencia Estatal de Investigación (AEI) (2025). *Proxectos de Colaboración Público-Privada (CPP) 2025*. Recuperado de <https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/proyectos-colaboracion-publico-privada-2025>

[58] Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades – Axencia Estatal de Investigación (AEI) (2025). *Axudas para contratos Torres Quevedo (PTQ) 2025*. Recuperado de <https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/ayudas-contratos-torres-quevedo-ptq-2025>

[59] Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades – Axencia Estatal de Investigación (AEI) (2025). *Proxectos de xeración de coñecemento e actuacións de formación asociadas*. Recuperado de <https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/proyectos-generacion-conocimiento-actuaciones-formacion-0/convocatoria>

[60] Comisión Europea (n.d.). *Strategic Technologies for Europe Platform (STEP)*. Recuperado de [https://strategic-technologies.europa.eu/index\\_en](https://strategic-technologies.europa.eu/index_en)

[61] Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) (2025). *Innterconecta STEP*. Recuperado de <https://www.cdti.es/ayudas/innterconecta-step>

[62] Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) (2025). *Axudas NEOTEC 2025*. Recuperado de <https://www.cdti.es/ayudas/ayudas-neotec-2025>

[63] Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) (2025). *Misións Ciencia e Innovación 2025*. Recuperado de <https://www.cdti.es/ayudas/misiones-ciencia-e-innovacion-2025>

[64] Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) (2025). *Axudas Cervera para centros tecnolóxicos*. Recuperado de <https://www.cdti.es/ayudas/ayudas-cervera-para-centros-tecnologicos-2025>

[65] Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) (2026). *Préstamos parcialmente reembolsables (APR)*. Recuperado de <https://www.cdti.es/aprs-2>

[66] Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) (2026). *Préstamos e axudas parcialmente reembolsables*. Recuperado de <https://www.cdti.es/ayudas/tipo/prestamos-ayudas-parcialmente-reembolsables>

[67] Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) (2026). *Proxectos de Investigación e Desenvolvemento (PID)*. Recuperado de <https://www.cdti.es/ayudas/proyectos-de-i-d>

[68] Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) (2023). *Liña Directa de Innovación (LIC-Innovación)*. Recuperado de <https://www.cdti.es/ayudas/linea-directa-de-innovacion>

[69] ENISA – Empresa Nacional de Innovación, S.M.E., S.A. (2026). *Liñas de financiamento para startups e PEMEs*. Recuperado de <https://www.enisa.es/es/financia-tu-empresa/lineas-de-financiacion/d/startups-y-pymes>

[70] ENISA – Empresa Nacional de Innovación, S.M.E., S.A. (2026). *Liña de financiamento para emprendedores*. Recuperado de <https://www.enisa.es/es/financia-tu-empresa/lineas-de-financiacion/d/emprendedores>

[71] ENISA – Empresa Nacional de Innovación, S.M.E., S.A. (2026). *Liña de financiamento para mozos emprendedores*. Recuperado de <https://www.enisa.es/es/financia-tu-empresa/lineas-de-financiacion/d/jovenes-emprendedores>

[72] ENISA – Empresa Nacional de Innovación, S.M.E., S.A. (2026). *Liña de financiamento para o crecemento empresarial*. Recuperado de <https://www.enisa.es/es/financia-tu-empresa/lineas-de-financiacion/d/crecimiento>

[73] Red.es – Acelera Pyme – Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial. (2025). *Kit de espazos de datos*. Recuperado de <https://www.acelerapyme.gob.es/kit-espacios-de-datos>

[74] Red.es – Entidade Pública Empresarial adscrita ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública. (2025). *REDIA: Rede de Espazos de Datos e Intelixencia Artificial*. Recuperado de <https://www.red.es/es/iniciativas/redia>

[75] Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. (2015). *Selo PYME innovadora*. Recuperado de <https://www.ciencia.gob.es/Innovar/Sello-PYME-innovadora.html>

[76] ENISA – Empresa Nacional de Innovación, S.M.E., S.A. (2023). *Proceso de certificación de startups*. Recuperado de <https://www.enisa.es/es/certifica-tu-startup/info/proceso-de-certificacion>

[77] UpBizor. (2022). *Tax equity: financiamento mediante incentivos fiscais*. Recuperado de <https://www.upbizor.com/tax-equity/>

[78] BDO España. (n.d.). *Esquema de tax lease en I+D+i*. Recuperado de <https://www.bdo.es/es-es/blogs-es/coordenadas-bdo/esquema-de-tax-lease-en-i-d-i>

[79] Boletín Oficial do Estado. (1991). *Lei 12/1991, de 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico*. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1991-10511>

[80] Boletín Oficial do Estado. (2014). *Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades*. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2014-12328>

[81] POCTEP – Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal. (2022). *Convocatorias POCTEP*. Recuperado de <https://www.poctep.eu/convocatorias/>

[82] POCTEP – Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal. (2008). *Programa POCTEP*. Recuperado de <https://www.poctep.eu/>

[83] POCTEP – Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal. (2022). *Presentación do POCTEP 2021-2027*. Recuperado de <https://www.poctep.eu/presentacion-poctep-2021-2027/>

[84] Horizonte Europa España. (2021). *Horizonte Europa*. Recuperado de <https://www.horizonteeuropa.es/>

[85] Horizonte Europa España. (2022). *Guía do participante – Horizonte Europa*. Recuperado de [https://www.horizonteeuropa.es/sites/default/files/noticias/Gu%C3%ADa%20del%20participante%20-%20Horizonte%20Europa%20web\\_0.pdf](https://www.horizonteeuropa.es/sites/default/files/noticias/Gu%C3%ADa%20del%20participante%20-%20Horizonte%20Europa%20web_0.pdf)

[86] Comisión Europea. (2021). *Digital Europe Programme*. Recuperado de <https://digital-strategy.ec.europa.eu/en/activities/digital-programme>

[87] Comisión Europea. (2021). *Questions and answers – Digital Europe Programme*. Recuperado de <https://digital-strategy.ec.europa.eu/en/faqs/questions-and-answers-digital-europe-programme>

[88] Cámara de Comercio de España. (2021). *Resumo Programa Europa Dixital*. Recuperado de [https://www.camara.es/sites/default/files/generico/programa\\_europa\\_dixital\\_0.pdf](https://www.camara.es/sites/default/files/generico/programa_europa_dixital_0.pdf)

[89] Comisión Europea. (2021). *European Innovation Council (EIC)*. Recuperado de [https://eic.ec.europa.eu/index\\_en](https://eic.ec.europa.eu/index_en)

[90] Comisión Europea. (2021). *EIC funding opportunities*. Recuperado de [https://eic.ec.europa.eu/eic-funding-opportunities\\_en](https://eic.ec.europa.eu/eic-funding-opportunities_en)

[91] Comisión Europea – European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency (CINEA) (2014). *Connecting Europe Facility (CEF)*. Recuperado de [https://cinea.ec.europa.eu/programmes/connecting-europe-facility\\_en](https://cinea.ec.europa.eu/programmes/connecting-europe-facility_en)

[92] Comisión Europea – European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency (CINEA) (2014). *CEF Calls for proposals*. Recuperado de [https://cinea.ec.europa.eu/funding-opportunities/calls-proposals\\_en](https://cinea.ec.europa.eu/funding-opportunities/calls-proposals_en)

[93] Comisión Europea – European Health and Digital Executive Agency (HaDEA) (n.d.). Portal institucional de HaDEA. Recuperado de [https://hadea.ec.europa.eu/index\\_en?prefLang=es](https://hadea.ec.europa.eu/index_en?prefLang=es)

[94] Comisión Europea – European Health and Digital Executive Agency (HaDEA) (n.d.). Calls for proposals. Recuperado de [https://hadea.ec.europa.eu/calls-proposals\\_en?prefLang=es](https://hadea.ec.europa.eu/calls-proposals_en?prefLang=es)

[95] Comisión Europea – Directorate-General for Defence Industry and Space (DG DEFIS) (2019). European Defence Fund (EDF) – Official webpage. Recuperado de [https://defence-industry-space.ec.europa.eu/eu-defence-industry/european-defence-fund-edf-official-webpage-european-commission\\_en](https://defence-industry-space.ec.europa.eu/eu-defence-industry/european-defence-fund-edf-official-webpage-european-commission_en)

[96] Comisión Europea – Directorate-General for Defence Industry and Space (DG DEFIS) (2026). European Defence Fund (EDF) – Work Programme 2026. Recuperado de [https://defence-industry-space.ec.europa.eu/edf-work-programme-2026\\_en](https://defence-industry-space.ec.europa.eu/edf-work-programme-2026_en)

[97] European Union Agency for the Space Programme (EUSPA) (2021). EU Space Programme. Recuperado de <https://www.euspa.europa.eu/eu-space-programme>

[98] European Union Agency for the Space Programme (EUSPA) (2026). Opportunities under Horizon Europe. Recuperado de <https://www.euspa.europa.eu/opportunities/horizon-europe>

[99] Comisión Europea (2022). InvestEU Fund – overview. Recuperado de [https://investeu.europa.eu/investeu-programme/investeu-fund\\_en?prefLang=es](https://investeu.europa.eu/investeu-programme/investeu-fund_en?prefLang=es)

[100] Comisión Europea (2022). Frequently asked questions about the InvestEU Fund. Recuperado de [https://investeu.europa.eu/investeu-programme/investeu-fund/frequently-asked-questions-about-investeu-fund\\_en?prefLang=es](https://investeu.europa.eu/investeu-programme/investeu-fund/frequently-asked-questions-about-investeu-fund_en?prefLang=es)

[101] Xunta de Galicia. (2026). *Resolución pola que se convocan as axudas do programa Industria Innova, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021–2027*. Diario Oficial de Galicia, 16 de xaneiro de 2026. Recuperado de [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260116/Anuncio092-181225-0003\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260116/Anuncio092-181225-0003_es.pdf)

[102] Clúster de Automoción e Mobilidade de Galicia (CEAGA). (2026). Ficha informativa do programa Industria Innova. Recuperado de [https://www.ceaga.com/monitoring/OPC/Ficha\\_Industria%20Innova.pdf](https://www.ceaga.com/monitoring/OPC/Ficha_Industria%20Innova.pdf)

[103] Xunta de Galicia. (2026). *Anuncio 092-111225-0003 polo que se publican as bases reguladoras e a convocatoria das axudas do programa Ticket INNOVA*. Diario Oficial de Galicia, 16 de xaneiro de 2026. Recuperado de [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260116/Anuncio092-111225-0003\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260116/Anuncio092-111225-0003_es.html)

[104] Xunta de Galicia. (2026). *Anuncio 092-181225-0001 polo que se publican as bases reguladoras e a convocatoria do programa IA 360*. Diario Oficial de Galicia, 16 de xaneiro

de 2026. Recuperado de [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260116/Anuncio092-181225-0001\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260116/Anuncio092-181225-0001_es.html)

[105] CEAGA. (2026). *Ficha resumo do programa IA 360*. Recuperado de [https://www.ceaga.com/monitoring/OPC/Ficha\\_Resumen\\_IA360.pdf](https://www.ceaga.com/monitoring/OPC/Ficha_Resumen_IA360.pdf)

[106] CEAGA. (2026). *Ficha resumo do programa IGAPE INNOVA 2026*. Recuperado de [https://www.ceaga.com/monitoring/OPC/Ficha\\_Resumen\\_Igape%20Innova%202026.pdf](https://www.ceaga.com/monitoring/OPC/Ficha_Resumen_Igape%20Innova%202026.pdf)

[107] Xunta de Galicia. (2026). *Anuncio 092-141225-0003 polo que se publican as bases reguladoras e a convocatoria do programa IGAPE INNOVA*. Diario Oficial de Galicia, 16 de xaneiro de 2026. Recuperado de [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260116/Anuncio092-141225-0003\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260116/Anuncio092-141225-0003_es.html)

[108] Ministerio de Industria e Turismo. (2025). *Programa de Impulso da Cadea de Valor Industrial (CVI). Descrición xeral*. Recuperado de <https://www.mintur.gob.es/PortalAyudas/CVI/DescripcionGeneral/Paginas/description.aspx>

[109] Ministerio de Industria e Turismo. (2025). *Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se efectúa a convocatoria do Programa de Impulso da Cadea de Valor Industrial (CVI 2025)*. Boletín Oficial del Estado, BOE-A-2025-25490. Recuperado de [https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-2025-25490](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2025-25490)



CIBER  
SEGURIDADE  
GALICIA

# Observatorio de Ciberseguridade Industrial Informe de oportunidades de cooperación e investimento

AMTEGA – Xunta de Galicia 2026

CC BY-SA 4.0